

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL CURSO 2023/2024

CEIP NICOLÁS DEL RÍO

Aprobada por Claustro a día 31/10/2023

Aprobada por Consello Escolar a día 31/10/2023

ÍNDICE

1. **OBXECTIVOS E ACTIVIDADES**
2. **DATOS XERAIS DO CENTRO**
 - a. **Adscrición funcional do profesorado para o curso 2023/24**
 - b. **Persoal non docente**
 - c. **Matrícula do centro**
 - d. **Ubicación das aulas e dependencias**
 - e. **Utilización das instalacións do centro**
 - f. **Addenda Educación Infantil**
3. **RECURSOS**
4. **CALENDARIO, XORNADA ESCOLAR E HORARIO DO CENTRO**
 - a. **Calendario escolar e datas oficiais conmemorativas**
 - b. **Xornada escolar en sesión única**
 - c. **Criterios pedagóxicos para a elaboración dos horarios xerais do centro**
 - d. **Horario lectivo xeral do centro**
 - e. **Quendas do profesorado**
 - f. **Horario de atención ao público**
 - g. **Horario do equipo directivo**
 - h. **Reunións trimestrais coas familias por titorías e niveis**
 - i. **Tempo de atención individualizada da acción titorial**
5. **LIBROS DE TEXTO E DEMAIS MATERIAIS CURRICULARES ESTABLECIDOS NO CENTRO**
6. **PLANO DE ACTUACIÓN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS COA COMUNIDADE ESCOLAR**
7. **ÓRGANOS DE GOBERNO E DE COORDINACIÓN DOCENTE**
 - a. **Consello Escolar**
 - b. **Claustro**
 - c. **Comisión de coordinación pedagóxica**
 - d. **Departamento de orientación**
 - e. **Coordinadores**
 - f. **Composición da comisión de coordinación da Avaliación de Diagnóstico para o curso 2020/21**
8. **NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO**
9. **FORMACIÓN DO PROFESORADO**
10. **PLAN DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA**
11. **PROGRAMA DE ACTIVIDADES E CALENDARIO DAS ACTIVIDADES EDUCATIVAS COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**
12. **PROGRAMA DE ACTIVIDADES E CALENDARIO DAS ACTIVIDADES EDUCATIVAS DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA E BENESTAR.**
13. **EQUIPO DE POLOS CREATIVOS.**
14. **PLAN DE INTRODUCCIÓN DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN. EDIXGAL**
15. **PLAN DE BIBLIOTECA ESCOLAR**
16. **SERVIZOS ESCOLARES**
 - a. **Transporte escolar**
 - b. **Comedor**
17. **COMEDOR ESCOLAR**
18. **PLAN DE EMERXENCIA EN CASO DE EVACUACIÓN**
19. **CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**
20. **PLAN DE IGUALDADE**
21. **ANEXOS: PLAN ANUAL DE LECTURA.**

1. OBXECTIVOS E ACTIVIDADES

Obxectivo 1: Continuar coa revisión e actualización da documentación do centro.

Obxectivo 2: Desenvolver o PLAMBE e fomentar a participación de toda a comunidade educativa.

Obxectivo 3: Continuar coa mellora da funcionalidade dos espazos, e avanzar no aproveitamento dos recursos materiais existentes, intentando incorporar novos recursos TIC, así como xerar novos espazos multidisciplinares de uso común .

Obxectivo 4: Continuar coa formación permanente do profesorado e adaptala ás necesidades concretas do centro, por medio do PFPP. Este ano centrada nas liñas de inclusión, comunicación e internalización e n aliña didáctica.

Obxectivo 5: Desenvolver outros programas nos que estamos inscritos:

- Proa+.
- Biblioteca: Radio na Biblio, biblioteca creativa, biblioteca inclusiva, club de lectura, lectura e familias,...
- Edixgal
- Seccións Bilingües.
- Digicraft.
- Polos Creativos.
- Club de ciencia.
- Contratos Programa:
 - Inclúe:
 - Queda-T
 - Iguala-T
 - Convive-T
 - Inclúe-T
 - Emociona-T
 - Innova:

- EDUinnova. O centro docente como entorno innovador de aprendizaxe a través da mellora permanente.
 - EDUsaúde. O centro como dinamizador de hábitos de vida saudables.
 - EDUsostibilidade. O centro educativo comprometido cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS).
- Plan proxecta: Proxecto didáctico Antonio Fraguas

Obxectivo 7: Dinamizar o centro a través de actividades deseñadas polos equipos de actividades complementarias e extraescolares, equipo de dinamización da lingua galega equipo da biblioteca escolar, equipo Tic e Polos Creativos e equipo de convivencia e benestar; que terán os seus respectivos espazos na páxina web do centro.

2. DATOS XERAIS DO CENTRO

a. Adscrición funcional do profesorado para o curso 2022/23

EDUCACIÓN INFANTIL	MESTRE/A TITOR/A
3 ANOS A	Lucía Casal Pérez
3 ANOS B	María De la Concepción Castro Fojo
4 ANOS A	Laura Vázquez Martínez
4 ANOS B	Estefanía Pernas Iglesias
5 ANOS A	Susana Romero Crego
5 ANOS B	Raquel García López
APOIO 3 ANOS /PELO	M ^a del Carmen Lorenzo Díaz
APOIO 4 E 5 ANOS /educación musical	Ana M ^a Areda Figueiredo

EDUCACIÓN PRIMARIA	MESTRE/A TITOR/A
1ºA	M ^a Alfonsa Martínez Rubido
1ºB	Laura Casteleiro Carneiro
2ºA	Carlota Picos López María Leonardo Docanto
2ºB	María José Yáñez Pérez
2ºC	M ^a Dulcenombre Carro Etcheparre
3ºA	M ^a Teresa Ramonde Calvo
3ºB	M ^a Pilar García Fraguela
3ºC	M ^a Cristina Bouzamayor Bustabad
4ºA	Marta Cameselle Barge
4ºB	Lidia Lago Martínez
5ºA	M ^a Jesús Luaces Pita
5ºB	Alejandro Martínez López
6ºA	Susana Martínez López
6ºB	Ana Isabel Rodríguez Rodríguez
6ºC	Irene Bereijo Rodríguez

EDUCACIÓN MUSICAL	INGLÉS
Antía Pita Martínez	Rosa María González Casal: Seccións bilingües
RELIXIÓN	Rosa María González Casal – Ed.Infantil,6º Ed.Primaria
Carmen García Martínez	Rosa Romero Crego –1º,3º,4º Ed.Primaria María Leonardo Docanto- 2º e 5º Ed. Primaria
Manuel Salgueiro	EDUCACIÓN FÍSICA
Fernando Cancelo Pardo	María Dopico Pedre– Educación Infantil, 2º, 3º Ed.Primaria

PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA	Francisco Javier Fernández Pérez– 1º,4º, 5º, 6º Ed.Primaria
Ana Isabel Seage Breijo Lucía Rico García	
AUDICIÓN E LINGUAXE	
Crisanta Bustabad Pérez	
XEFA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN	
Rebeca León Graña	

b. Persoal non docente

	Posto	Situación admtva.	Admón.	Apelidos e nome
1	Conserxe	Laboral fixo	Concello	López Rodríguez, Gonzalo
2	Oficial 2ª cociña	Laboral fixo disc.	Xunta Galicia	Calvo Prieto, Ángeles
3	Axudante cociña	Laboral temp disc.	Xunta Galicia	Carneiro Díaz, Pilar
4	Axudante cociña	Laboral temp disc.	Xunta Galicia	Veiga Rivera, Gloria
5	Auxiliar admvo.	Funcionaria Interina	Xunta Galicia	Yáñez Rodríguez, Rocío

c. Matrícula do centro

CURSO	UNIDADES FUNCIONANDO	ALUMNADO MATRICULADO
EI 3 ANOS (4º EI)	2	35
EI 4 ANOS (5º EI)	2	30
EI 5ANOS (6º EI)	2	39
1º EP	2	32
2º EP	3	59
3º EP	3	51
4º EP	2	48
5º EP	2	42
6º EP	3	50
Total do alumnado	21	386

d. Ubicación das aulas e dependencias

Aula	Curso
1	4ºA
2	4ºB
3-4-7	Biblioteca
5	3º A
6	3º B
8	Aula sensorial
9	PT

	Dpto de Orientación
10	Audición e Linguaxe AL
11	5 anos A

Aula	Curso
12	5 anos B
13	Inglés
14	2ºA
15	2ºB
16	2ºC
17	Relixión
18	3ºC
19	1ºB
20	1ºA
21	Música/comedor
22	Almacén
Informática	
Sala de mestres	
Conserxería	
Dirección / Xefatura de Estudos/ Expedientes	
Secretaría / Administración / Conserxería	
Comedor	
Cociña	
Almacén (antiga vivenda do conserxe)	
Patio cuberto	
Pavillón cuberto	
Horta	
Pista polideportiva	
Patio de area	

Aula	Curso
23	EI 4 anos A
24	EI 4 anos B
25	USOS MÚLTIPLES
26	EI 3 anos A
27	EI 3 anos B
28	INGLÉS , MÚSICA

EDIFICIO ANEXO : O AREAL

BAIXO:

- Ampliación biblioteca, Feira dos libros.
- Aula temática negra.
- Polos Creativos

1º ANDAR:

<ul style="list-style-type: none"> • Aula 29: Música • Aula 30: Inglés III • Aula 31: 6ºB • Aula 32: 6ºC • Aula 33: 6ºA • Fotocopiadora/ordenador • Titorías • Clube de lectura • Aula pequena PT.
2º ANDAR
<ul style="list-style-type: none"> • Aula 34: Plástica
<ul style="list-style-type: none"> • Aula 35: Aula teatro, cromas • Aula 36: 5ºB • Aula 37: 5ºA • Aula 38: Relixión <p>Sala de mestres. Radio escolar.</p>

e. Utilización das instalacións do centro

Dentro da normativa vixente, a utilización do Centro, tanto por parte da comunidade educativa coma da sociedade en xeral, sempre se realizará baixo os principios de:

- Non interferencia nos tempos lectivos
- Prioridade para actividades complementarias e extraescolares do alumnado.
- Para a utilización das dependencias do Centro será preciso a solicitude previa por parte dos interesados, indicando motivo, día e hora da actividade a realizar, segundo o modelo impreso de solicitude aprobado polo Consello Escolar.

Horario de uso do ximnasio: O ximnasio será de uso preferente para as sesións de educación física de 1º a 4º de Educación Primaria. A psicomotricidade en Infantil farase no patio de infantil, e a Educación Física de 5º e 6º de Ed. Primaria impartirase no patio do edificio anexo do Areal.

f. Addenda Educación Infantil

Na educación infantil os resultados da addenda sobre a lingua materna foron os seguintes:

3 anos: 35 usan o castelán e 4 galego.

4 anos: 26 usan o castelán e 2 o galego.

5 anos: 33 usan o castelán e 3 o galego.

3. RECURSOS

Ningún proxecto pode realizarse sen un determinado tipo e número de recursos. Os recursos necesarios máis importantes son os recursos humanos. Os apoios que se precisan son moitos e de grande valor, e baséanse principalmente na colaboración, na participación, no traballo en equipo, na comunicación e na información.

Estes recursos dividímolos en:

HUMANOS	Apoio do profesorado. Apoio da ANPA. Apoio dos pais representantes no Consello Escolar. Apoio do persoal non docente. Apoio do persoal do Concello
ECONÓMICOS	Orzamento de gastos de funcionamento Participación en convocatorias de axudas. Participación en proxectos de formación Apoio por parte do Concello
MATERIAIS	Recursos existentes no Centro. Dotacións da Administración. Adquisicións necesarias en función das accións a realizar. Recursos aportados polo Concello Recursos aportados por Asociacións veciñais

4. CALENDARIO, XORNADA ESCOLAR E HORARIO DO CENTRO

a. Calendario escolar e datas oficiais conmemorativas

O noso calendario escolar será o que marca a Orde do 3 de maio de 2023 [pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.](#)

O día non lectivo escollido para este curso será o 20 de maio e o 13 de xuño.

b. Xornada escolar en sesión única

O 28 de febreiro de 1996 (Curso académico 1995/96) remitiuse á Delegación Provincial de Educación todo o proceso das segundas votacións realizadas sobre a xornada escolar en sesión única.

A xornada lectiva é de 8:55 a 13:55 horas e os martes que se reservan a xuntanzas do profesorado e titorías.

As actividades extraescolares terán lugar de luns a venres (agás os martes) en horario de 16,00 a 18,00 horas.

Para as familias que o precisen haberá “Servizo de madrugadores” dende as 7:30 h.

c. Criterios pedagóxicos para a elaboración dos horarios xerais do centro

- Evitarase que as clases de Educación Física sexan na primeira sesión da mañá.
- Procurarase distribuír as especialidades dos grupos ao longo da semana.
- Procurarase asignar as especialidades de música, relixión e plástica a partir da segunda sesión.
- Procurarase que os mestres especialistas teñan clase cos grupos dun nivel o mesmo día.
- Preferentemente as materias de matemáticas e as linguas impartiranse nas primeiras horas.
- En Educación Infantil, a primeira sesión estará destinada, preferentemente, a asemblea co mestre titor.
- En Educación Infantil, a sesión anterior ao recreo que coincide coas merendas, preferentemente será levada a cabo polos titores ou polos mestres de apoio do ciclo.
- En Educación Infantil, unha mestra de apoio estará destinada aos grupos de 4º nivel, e a outra mestra en 5º e 6º nivel.

d. Horario lectivo xeral do centro

Duración das sesión

Horas	Sesións
8:55-9:50	1ª
9:50-10:40	2ª
10:40-11:30	3ª

11:30-12:00	Recreo
12:00-12:20	Hora de ler
12:20-13:05	4ª
13:05-13:55	5ª

e. Quendas do profesorado

Entradas/Saídas/Transporte

No que se refire ás gardas de entrada, saída e transporte, organizaranse gardas fixas de mestres.

Nas entradas os especialistas sitúanse nas diferentes portas de entrada. Os titores agardan na aula a chegada do alumnado. Todos están nos seus postos 10 minutos antes de que soe o timbre.

As saídas fanse escalonadas para evitar aglomeracións.

Os especialistas que se sitúan na porta de transporte son os encargados de vixiar ao alumnado transportado.

Recreos

- Recreos 5º e 6º de Ed.Primaria no Areal. 3 mestres de garda para 93 alumnos.
- Recreos de 1º a 4º de Ed.Primaria no edificio principal. 4 mestres de garda para 189 alumnos.
- Recreos de Ed.Infantil. 4 mestres para 104 alumnos.
- 2 mestres de garda na biblioteca.
- 1 mestre de garda na aula sensorial.

f. Horario de atención ao público

O horario de Secretaría, en canto á atención ao público en xeral, é de 09:30 a 13:30 horas.

g. Horario do equipo directivo

EQUIPO DIRECTIVO					
	LUNS	MARTES	MÉRCO RES	XOVES	VENRES
	D/X	D/X	D/X	D/X	D
	D				D
	S	S	S	S	S
		X			

X	D	D	D/X/S	D/X
---	---	---	-------	-----

h. Reunións inicio de curso coas familias por niveis:

As reunións de familias grupais realizaranse antes de comezar o curso, nos primeiros días de setembro.

i. Tempo de atención individualizada da acción tutorial

Os martes de 17h a 18h será a hora de atención a familias. Tamén poderían facerse tutorías en horario lectivo cando a titora ou mestre especialista se atopen de garda e o conveñan así coa familia.

5. LIBROS DE TEXTO E DE MAIS MATERIAIS CURRICULARES ESTABLECIDOS NO CENTRO

- 1º educación primaria

1º PRIMARIA

ÁREA / MATERIA / ÁMBITO / MÓDULO	TÍTULO	EDITORIAL	ISBN	LINGUA
Lingua Galega	1 PRI LECTOESCRITURA Construíndo mundos (1-1) 2022	Obradoiro	978-84-9185-399-2	Galego
Lingua Galega	1 PRI Lingua Construíndo mundos (1-2) 2022	Obradoiro	978-84-9185-532-3	Galego
Lingua castelá	1 PRI LENGUA. Un paso máis PAUTA Mochila Ligera Construyendo mundos 2023	SANTILLANA	978-84-144-0758-5	Castelán
Matemáticas	1 PRI MATEMÁTICAS Mochila Ligera Construyendo mundos 2022	SANTILLANA	978-84-680-7131-2	Castelán
Ciencias naturais	1 PRI CC. DA NATUREZA Construíndo mundos 2022	Obradoiro	978-84-9185-411-1	Galego
Ciencias sociais	2PRI CC. SOCIAIS Construíndo mundos 2022	Obradoiro	978-84-9185-414-2	Galego
Relixión	RELIXIÓN CATÓLICA 1	ANAYA	978-84-698-9736-2	Galego
Música	1 PRI CAD MÚSICA NOVO TIROLIRO Construíndo mundos 2022	Obradoiro-Santillana	978-84-9185-522-4	Galego

- 2º educación primaria.

AREA/MATERIA/ÁMBITO/MÓDULO	TÍTULO	EDITORIAL	ISBN	LINGUA
Globalizado	2PRI CINCO EN RAIA Situacións de aprendizaxe integradas 2023	Santillana	978-84-9185-706-8	Galego e Castelán
Matemáticas	PRI Cuaderno Matemáticas Cinco en raia 2023 PRI Cuaderno Matemáticas Cinco en raia 2023 2-3PRI Cuaderno Matemáticas Cinco en raia 2023	Santillana	978-84-9185-713-6 978-84-9185-717-4 978-84-9185-718-1	Castelán
Relixión	RELIXIÓN CATÓLICA 2	Anaya	978-84-698-9740-9	Galego
Música	2 PRI caderno música novo tiroliro Construíndo mundos 2023	Obradoiro-Santillana	978-84-9185-671-9	Galego

3º educación primaria

AREA/MATERIA/ÁMBITO/MÓDULO	TÍTULO	EDITORIAL	ISBN	LINGUA
Lingua Galega	3PRI Lingua. Construíndo mundos.	SANTILLANA 2022	978-84-9185-409-8	Galego
Lingua Castelá	3PRI Lengua. Construyendo mundos. Mochila Ligera.	SANTILLANA 2022	978-84-680-7201-2	Castelán
Matemáticas	3PRI MATEMATICAS Construyendo mundos. Mochila Ligera.	SANTILLANA 2022	978-84-680-7136-7	Castelán
Ciencias naturais	3PRI CIENCIAS DA NATUREZA Construíndo mundos	SANTILLANA 2022	978-84-9185-410-4	Galego
Ciencias sociais	3PRI CIENCIAS SOCIAIS Construíndo mundos	Obradoiro-Santillana	978-84-9185-416-6	Galego
(Non mercar) Inglés	GO FAR! 3 STUDENT'S PACK	Richmond 2022	978-84-668-3655-5	Inglés
Inglés	GO FAR! 3 ACTIVITY PACK	Richmond 2022	978-84-6683-663-0	Inglés
Música	3 PRI CADERNO MÚSICA NOVO TIROLIRO Construíndo mundos 2022	Obradoiro-Santillana	978-84-9185-525-5	Galego

- 4º de educación primaria.

AREA/MATERIA/ÁMBITO/MÓDULO	TÍTULO	EDITORIAL	ISBN	LINGUA
Lingua Galega e L.	4PRI Lingua construíndo mundos 2023	SANTILLANA	978-84-9185-705-1	Galego
Lingua Castelán e L.	4PRI Lengua construyendo mundos 2023	SANTILLANA	978-84-144-0738-7	Castelán
Matemáticas	4PRI Matemáticas construyendo mundos 2023	SANTILLANA	978-84-144-0769-1	Castelán
Ciencias naturais	4PRI Ciencias da natureza construíndo mundos 2023	Obradoiro-Santillana	978-84-9185-692-4	Galego
Ciencias sociais	4PRI Ciencias sociais construíndo mundos 2023	Obradoiro-Santillana	978-84-9185-698-6	Galego
(Non mercar) Inglés	GO FAR! 4 STUDENT'S PACK	Richmond 2022	978-84-668-3656-2	Inglés
Inglés	GO! 4 ACTIVITY PACK	Richmond 2022	978-84-668-3664-7	Inglés
Música	4 PRI CAD MÚSICA NOVO TIROLIRO Construíndo mundos 2023	Obradoiro-Santillana	978-84-9185-678-8	Galego

En 5º e 6º de Educación Primaria non hai libros de texto. Proxecto Edixgal.

6. PLAN DE ACTUACIÓN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS COA COMUNIDADE ESCOLAR

É obxectivo prioritario do plan de potenciación das relacións coas familias conseguir que a nosa escola sexa valorada pola Comunidade escolar como un lugar participativo, onde se ofertan servizos de calidade e que se atopa próxima ás necesidades dos cidadáns.

A relación dos membros do claustro coas familias debe basearse na comunicación e a coordinación. Este clima potenciarase sobre todo nas reunións de titoría telefónica, con motivo de informar e obter informacións das familias que favorezan o desenvolvemento do proceso educativo.

Dende o centro dinamizaranse actividades nas que participen membros da comunidade educativa na medida do posible, apoiándonos nas TICS.

O Centro, a través dos órganos colexiados e os membros que os constitúen, tentará soste unha estreita colaboración cos membros da Comunidade Educativa e aquelas entidades como Concello, ANPA, AAVV, Asociacións culturais... en todas aquelas facetas relacionadas coas necesidades do Centro ou nas que o Centro poida aportar a súa colaboración.

7. ÓRGANOS DE GOBERNO E DE COORDINACIÓN DOCENTE

a. Consello Escolar

Pais/Nais	Ana Loureiro Loureiro * Reprerentante da ANPA (cesa no 2024) Comisión de comedor
	Diana Cendán Rodríguez (cesa no 2026) Comisión de convivencia
	Paula Rodríguez Nieves (cesa no 2026) Comisión de comedor
	María José Lago Nieto (cesa no 2026) Comisión biblioteca
	Comisión económica

Mestres	Teresa Ramonde Calvo (cesa no 2024) Comisión biblioteca
	Susana Romero Crego (cesa no 2024) Comisión biblioteca
	Irene Bereijo Rodríguez (cesa no 2024) Comisión de convivencia
	María Pilar García Fragueta (cesa no 2026) Comisión económica
	María José Pérez Yáñez (cesa no 2026) Comisión de convivencia

Persoal non Docente	Rocío Yáñez Rodríguez (cesa no 2024) Comisión de convivencia Comisión de comedor
---------------------	--

Repte. Concello	Noel López López
-----------------	------------------

Xefe de Estudos	Antía Pita Martínez Comisión de biblioteca.
Secretario	Crisanta Bustabad Pérez Comisión económica.
Directora	Carlota Picos López Comisión de convivencia. Comisión económica.

b. Claustro

Reunirase en sesión Ordinaria os martes pola tarde cando sexa necesario e será convocado, a través do correo electrónico, con 48 horas de antelación pola Dirección do Centro. Os claustros extraordinarios poderán celebrarse calquera outro día a calquera outra hora. Trataranse todos os temas relacionados con:

- Organización pedagóxica.
- Protocolos de actuación.
- Dinamización de actividades.

Nas actas recolleranse a asistencia, os acordos tomados que terán carácter vinculante e as intervencións que se soliciten.

c. Comisión de coordinación pedagóxica

Educación Infantil	Lucía Casal Pérez
Primaria	M ^a José Pérez Yáñez
	Cristina Bouzamayor Bustabad
	Susana Martínez López
Profesora de PT	Ana Seage Breijo Lucía Rico García
AL	Crisanta Bustabad Pérez
Xefa do Depto. Orientación	Rebeca León Graña
Directora	Carlota Picos López
Xefe de estudos	Antía Pita Martínez
Biblioteca	M ^a Dulcenombre Carro Etchepare
Lingua Galega	Laura Casteleiro Carneiro
ACE	María Dopico Pedre
Polos Creativos	Alejandro Martínez López
Convivencia e benestar	María Leonardo Docanto

d. Departamento de orientación

O Equipo de Orientación é unha estrutura de gran importancia para a calidade do ensino.

Os eixos básicos de actuación que propoñemos son os seguintes:

- En E.P. programas sobre prevención de drogodependencias en colaboración co Concello e a Garda Civil, e aqueles programas que os titores consideren oportunos.
- Valorar as NEE no centro e potenciar xunto cos/coas titores/as os programas de reforzo educativo.
- Atención temperá e prevención de problemas, tanto por déficit coma por sobredotación
- Avaliación psico-pedagóxica.
- Sistema de avaliación en colaboración cos titores. Preparación conxunta dos programas de intervención en cada caso individual.
- Facilitar a cooperación entre os Centros e as familias, así como cos diferentes servizos ou institucións no ámbito das súas competencias.

Estes eixos básicos de intervención desenvolveranse no plano anual do Departamento de Orientación.

e. Coordinadores

COORDINADORES	MESTRE
----------------------	---------------

ED.INFANTIL	Lucía Casal Pérez
EDIXGAL/TICS	Francisco Javier Fernández Pérez
BIBLIOTECA	Mª Dulcenombre Carro Etchepare
DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA	Laura Casteleiro Carneiro
ACT. EXTRAESCOLARES E COMPLEM.	María Dopico Pedre
PLAN DIXITAL / POLOS CREATIVOS	Alejandro Martínez López
BENESTAR E CONVIVENCIA	María Leonardo Docanto

8. NORMAS DE ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMIENTO E CONVIVENCIA

A revisión das normas deberá ser planeada no comezo do curso escolar, formando parte da Programación Xeral Anual do centro. Calquera dos órganos citados nestas Normas poderán propoñer diante da dirección do centro a revisión do mesmo, correspondéndolle á dirección promover a redacción das modificacións oportunas.

Na revisión das Normas deberán participar todos e cada un dos sectores da Comunidade Educativa.

Correspóndelle á Dirección do Centro promover a redacción dun borrador que será debatido polo claustro de profesores antes de ser presentado ao Consello Escolar para a súa aprobación.

9. FORMACIÓN DO PROFESORADO

Este curso contaremos co Plan de Formación do Profesorado coas seguintes liñas de traballo:

- Liña Didáctica
- Liña de inclusión
- Liña de comunicación e internalización

- Seminario de 40 horas: Plan dixital e polos creativos.
- Seminario de 40 horas: atención á diversidade.
- Grupo de traballo de 30 horas: Aprendizaxe baseado en proxectos.
- Grupo de traballo de 20 horas Erasmus +. Comunicación e internacionalización.
- Escola de familias.

- Formación dentro do programa Digicraft.
- Formación relacionada co Plan Proxecta.

10. PLAN DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

Composición do equipo:

- Crisanta Bustabad Pérez (AL)
- Laura Vázquez Martínez (5º EI)
- Laura Casteleiro Carneiro (1ºB de EP - coordinadora)
- M.ª Pilar García Fraguera (3º nivel Primaria)
- Irene Bereijo Rodríguez (6º nivel Primaria)
- Estefanía Pernas Iglesias (5º EI)

XUSTIFICACIÓN

O Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia baséase no marco lingüístico establecido pola Constitución española de 1978 e polo Estatuto de autonomía de Galicia de 1981. Ademais, desenvolve a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, no relativo ao uso do galego no ensino nos niveis non universitarios, e a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

En consecuencia, entre os principios que guían o texto figura, tal e como recolle a citada lei, a adquisición dunha competencia en lingua galega igual á do castelán dentro dos límites propios de cada etapa educativa.

Outros principios a partir dos que se elaborou o decreto foron a garantía de equilibrio entre as dúas lingua oficiais, tanto cuantitativo, en número de horas semanais, como cualitativo, no tocante ao contido das materias, e máis a promoción da dinamización da lingua galega nos centros de ensino.

En contextos coma o noso, o uso habitual do castelán non supón ningún esforzo, pois está favorecido pola presenza e o prestixio do castelán na sociedade e reforzado pola familia. O esforzo maior radicaré na adquisición da competencia no galego e na extensión do seu uso nas actividades escolares.

OBXECTIVOS

Despois da análise do contexto no que se atopa o centro, no que predomina o uso do castelán como lingua de referencia, temos en consideración incidir especialmente no aspecto que precisa dun maior labor de dinamización: o uso da lingua galega oral. Nesta dirección, debemos tamén incluír a intención de implicar máis ás familias e institucións.

En canto a outros ámbitos de coñecemento, buscarase o emprego do galego como norma xeral na relación coas familias, usándoo como idioma vehicular na comunicación do centro, na comunicación oral coas familias, reunións, titorías, actividades extraescolares, complementarias, actuacións, celebracións..., animándoos a que usen máis esta lingua nas súas relacións cotiás.

Outro obxectivo que consideramos fundamental segue sendo o de mellorar a coordinación entre os diversos equipos (TICs, actividades extraescolares e complementarias, e biblioteca) para optimizar os resultados, así como os recursos, das actividades propostas.

Como se dixo anteriormente, centraremos o noso esforzo na promoción do uso oral do galego, polo que apostaremos por actividades como expresión de vivencias do alumnado, recollida de mostras orais (ditos, adiviñas, cantares), recitado de poemas, narración de contos, entrevistas, música, uso da radio como ferramenta,... E daremos continuidade a actividades os obradoiros de Samaín, o día do libro e novas actividades.

Sen esquecer a parte escrita da nosa lingua, seguiremos promovendo a lectura e creación de textos (contos, instrucións, receitas,...), como as historias de medo do Samaín.

A continuación relaciónanse as celebracións que a nivel de centro se van levar a cabo no curso 2023/2024 tal e como establece a orden do 3 de maio do 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/2024, en colaboración coa ANPA, profesorado e o alumnado.

PRIMEIRO TRIMESTRE

- Día da Democracia(15 de setembro)
- Día Europeo das Linguas (26 setembro))
- O Samaín (19-29 outubro)
- O Magosto, Xogos Populares (8-12 novembro)
- Día da Infancia (20 novembro)
- Día contra a Violencia de Xénero (25 novembro)

- Día das Persoas con Discapacidade (3 decembro)
- Día da Constitución e Estatuto de Autonomía (6 decembro)
- Nadal (22 decembro)

SEGUNDO TRIMESTRE

- Día da Educación (24 xaneiro)
- Día da Paz (30 xaneiro)
- Día de Rosalía e Castro (24 febreiro)
- Entroido
- Día da Muller (8 marzo)
- Semana da prensa(8-12 marzo)
- Día da árbore (21 marzo)

TERCEIRO TRIMESTRE

- Día Mundial da Saúde(7 abril)
- Semana do Libro / Día do Libro (19-23 abril)
- Día Contra o Acoso Escolar (2 maio)
- Día de Europa(9 maio)
- Semana das letras Galegas / Día das Letras Galegas(10-14 maio)
- Día Mundial do Medio Ambiente(5 xuño)
- Xornadas de Teatro
- Fin de Curso

11. PROGRAMA DE ACTIVIDADES E CALENDARIO DAS ACTIVIDADES EDUCATIVAS COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Membros do equipo:

- María Castro Fojo (Ed. Infantil).
- María Alfonsa Martínez Rubido (Ed. Primaria).
- Maria José Yáñez(Ed.Primaria)
- Lidia Lago Martínez (Ed. Primaria).
- Marta Cameselle (Ed. Primaria).

- María Jesús Luaces Pita (Ed. Primaria).
- Susana Martínez López (Ed. Primaria)
- Antía Pita Martínez (Especialista en Educación Musical)
- Francisco (Especialista de Educación Física)
- María Dopico Pedre (Especialista de Educación Física, Coordinadora)

1. INTRODUCCIÓN / XUSTIFICACIÓN.

No actual sistema educativo as actividades complementarias e extraescolares adquiren unha relevancia especial. Os principios educativos que inspiran a acción docente e a planificación nos centros, fan imprescindible a incorporación deste aspecto, non so a práctica docente senón tamén a práctica organizativa e de funcionamento.

Todos os sectores e membros da comunidade educativa poden participar como organizadores ou usuarios deste tipo de actividades, polo que se fai necesario non so elaborar un plan de actividades, senón tamén, establecer criterios para a súa realización.

Compre determinar e diferenciar ben os dous conceptos. Deste xeito, teñen o carácter de complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan con alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan.

Pola contra, denomínanse extraescolares aquelas actividades que, sendo organizadas polo centro e figurando na programación xeral anual, aprobada polo Consello Escolar, se realizan fora dese horario lectivo e sendo de participación voluntaria.

O Consello Escolar do centro facilitara así o máximo desenvolvemento deste tipo de actividades, sempre que non vaian en detrimento das propiamente educativas.

A coexistencia no centro de diferentes equipos de coordinación docente, adicados a distintas disciplinas e tarefas, pero intimamente ligados, fan necesaria unha colaboración estreita deste equipo con todos eles. Segundo esta premisa todas as propostas de celebracións de conmemoracións, así como calquera outras actividades complementarias que impliquen a todo o alumnado ou a unha parte, levaranse a cabo en estreita colaboración co Equipo de Dinamización da Lingua Galega e co Equipo de Biblioteca. Do mesmo xeito procurarase que as propostas sexan aceptadas pola maioría do Claustro.

Cabe destacar que durante o presente curso, 2023/2024 haberá actividades extraescolares organizadas pola anpa e continuarase a realizar as actividades complementarias establecidas.

2. OBXECTIVOS

- Fomentar e organizar viaxes culturais e deportivas que completen o currículo propiamente escolar.
- Promover a participación nas actividades organizadas polos distintos sectores da comunidade educativa e da sociedade.
- Coordinar a organización de intercambios escolares e viaxes, tanto de estudos como de calquera outro tipo.
- Programar as actividades extraescolares e complementarias a nivel centro, e axudar na programación e desenvolvemento practico das actividades complementarias propostas por un ciclo, nivel ou aula concretos, sempre axuntándose a programación dos mesmos e repercutindo positivamente no desenrolo do currículo (visitas, viaxes, celebracións e conmemoracións)
- Proporcionar ao alumnado e familias a información necesaria sobre as distintas actividades programadas.
- Coordinar as actividades que se realizaran para conmemorar as datas establecidas no calendario escolar , tal como establece a Orde do 3 de maio de 2023 que regula o calendario escolar para Galicia.
- Establecer saídas complementarias por nivel para realizar de forma sistemática , que comezarían na etapa de Educación Infantil ata sexto de Educación Primaria, para garantir que non se repitan.
- Elaborar unha proposta de actividades e xogos para dinamizar os recreos favorecendo a inclusión de todo o alumnado .
- Deseñar actividades para fomentar o uso da Horta do Nicolás.

3. PLANIFICACION XERAL

O equipo de actividades complementarias e extraescolares encargárase de promover, organizar e facilitar a execución das actividades propostas de forma coordinada co resto dos equipos dinamizadores do centro; EADLG, Biblioteca, TICS/ Polos Creativos e Convivencia.

Durante o curso faranse actividades complementarias e extraescolares como visitas a museos, teatros, concertos, saídas didácticas, e asistencia a contacontos, concertos...etc

A continuación relaciónanse as celebracións que a nivel de centro se van levar a cabo no curso 2023/2024 en colaboración coa Anpa, profesorado e o alumnado. (Esta lista esta aberta a posibles modificacións por cambio nas datas ou cancelación dalgunha das propostas)

PRIMEIRO TRIMESTRE

- Día Europeo das Linguas (26 setembro)
- Día das Escritoras (16 outubro)
- O Samaín - Magosto (16-27 outubro)
- Mes das Ciencias(novembro)
- Día da Infancia (20 novembro)
- Día contra a Violencia de Xénero(25 novembro)
- Día das Persoas con Discapacidade(3 decembro)
- Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos(10 decembro)
- Día da Constitución (6 decembro)
- Nadal (22 decembro)

SEGUNDO TRIMESTRE

- Día da Educación (24 xaneiro)
- Día da Paz (30 xaneiro)
- Día de Rosalía e Castro (23 febreiro)
- Entroido (12-16 febreiro)
- Día da Muller Traballadora (8 marzo)
- Semana da prensa(4-8 marzo)
- Día Mundial dos Dereitos do Consumidor (15 marzo)

TERCEIRO TRIMESTRE

- Día das Artes Galegas(1 abril)
- Día Mundial da Saúde(7 abril)
- Semana do Libro / Día do Libro (22-26 abril)
- Día Internacional Contra o Acoso Escolar (2 maio)
- Día de Europa(9 maio)
- Semana das Letras Galegas / Día das Letras Galegas (13-17 maio)
- Xornadas de Teatro Escolar (xuño)
- Día Mundial do Medio Ambiente(5 xuño)
- Fin de Curso

(Nota: A nivel de ciclos, cada un dos mesmos referenciará as súas actividades na programación de ciclo correspondente.)

En canto as saídas e excursións que se planifiquen, atendendo as programacións do ciclo de Educación Infantil, e a cada un dos niveis da Educación Primaria, dende este equipo aportaremos ideas, propostas, suxerencias de lugares de interese didáctico e de ocio, tanto na propia localidade como noutros lugares.

En xuño levarase a cabo a excursión de fin de etapa por parte dos alumnos e alumnas de 6ºEd.Primaria.

Tamén trataremos de encaixar as propostas que veñan dende os Departamentos, de Idiomas, Educación musical, Departamento de Orientación e Educación Física. Neste curso, no mes de maio valorarase retomar as Olimpíadas Escolares realizadas anualmente por todos os alumnos e alumnas de Educación Primaria nas instalacións deportivas do Concello.

Tamén compre destacar, a participación no Plan Director da Garda Civil (promovido dende o departamento de Orientación) e a participación no centro no Plan Proxecta, con actividades complementarias anexas pendentes de determinar .

4. AVALIACIÓN

De cada actividade complementaria ou extraescolar programada que se realice dende o Equipo de ACE, propóndemos aos membros do claustro cubrir una ficha de avaliación para poder obter información do desenrolo da actividade e así coñecer cales serían os aspectos a mellorar ou outros que non deberían cambiar e polo tanto continuar coa mesma dinámica.

Contemplarase tamén unha avaliación da planificación das mesmas por parte dos membros do equipo co fin de mellorar a calidade e efectividade das mesmas.

12. PROGRAMA DE ACTIVIDADES E CALENDARIO DAS ACTIVIDADES EDUCATIVAS DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA E BENESTAR

Membros do equipo:

Ana Isabel Seage Breijo

Ana Areda Figueiredo

Rosa María González Casal

María Leonardo Docanto

Introdución/xustificación:

Tras facer un análise das necesidades do noso centro, observamos que gozamos dun bo clima de convivencia en xeral. No obstante, consideramos oportuno mellorar a

comunicación e promover unhas relacións baseadas no respecto. Por isto, o noso propósito é facilitar os nosos alumnos ferramentas e recursos para favorecer a resolución de conflitos así como acoller ós alumnos novos de forma máis persoal.

A axuda entre iguais é considerada dende fai un tempo como un potente catalizador de calquera iniciativa, terá por obxectivo promover a convivencia pacífica e xestionar os posibles conflitos que se produzan no desenvolvemento normal das relacións entre compañeiros, optimizando así o bon funcionamento do noso colexio.

É necesario atopar unha alternativa que favoreza a convivencia armónica no noso entorno escolar por isto, optase por unha resolución cooperativa dos conflitos no que o acordo e a negociación ocupen un lugar prioritario e no que serán os propios alumnos os que asuman o protagonismo e a responsabilidade no proceso de resolución dos conflitos actuando como mediadores.

Partindo do plan de convivencia deseñarase un **programa de alumnos mediadores** e de **alumnos titores**. Colaboraremos tamén na elaboración dun **plan de acollida**.

Ademais promoveranse os **patios activos** nos que se realicen xogos cooperativos e tradicionais.

Todos os equipos de coordinación do centro poderán colaborar no proceso e posta en marcha do proxecto. Especialmente traballarase en coordinación co **equipo directivo** e o **departamento de orientación**.

1. OBXECTIVOS:

- Iniciar un programa de alumnos mediadores.
- Iniciar un programa de alumnos titores.
- Revisar o plan de convivencia do centro.
- Participar na elaboración do plan de acollida de alumnos/as e profesorado novo.
- Promover patios activos con diversidade de xogos nos recreos, en cooperación cos mestres de educación física.
- Mellorar a convivencia en tódolos ámbitos educativos.

3. PLANIFICACIÓN XERAL:

O equipo de convivencia e benestar, encargarse de deseñar, promover e organizar actividades dirixidas á consecución dos obxectivos plantexados de forma coordinada co **equipo directivo** e o **departamento de orientación**.

Durante o curso tratarase de levar a cabo a seguinte planificación.

TEMPORALIZACIÓN:

Programa de alumnos/as mediadores

- Elaborar un plan de alumnos/as mediadores.
- Informar á comunidade educativa do inicio deste novo plan.
- Seleccionar aos alumnos/as mediadores.
- Formar aos alumnos/as mediadores.
- Habilitar un espazo de resolución de conflitos.
- Organizar reunións periódicas de seguimento do plan.
- Realizar unha valoración continua do proceso.

Programa de alumnos/as titores/as

- Elaborar un plan de alumnos/as tutores/as.
- Informar á comunidade educativa do inicio deste novo plan.
- Seleccionar aos alumnos/as tutores.
- Formar aos alumnos/as tutores.
- Organizar reunións periódicas de seguimento do plan.
- Realizar unha valoración continua do proceso.

Patios activos

- Elaborar, en colaboración co profesorado de educación física, propostas de xogos para a súa realización durante os tempos de recreo.

4. AVALIACIÓN

A avaliación do traballo levarase a cabo mediante **indicadores de logro** para cada unha das accións de traballo propostas. Estes indicadores serán especificados en cada un dos programas que elaborem.

13. EQUIPO DE POLOS CREATIVOS

O noso centro foi seleccionado no curso 2022/23 no programa Polos Creativos. A maior parte do material recibido ubícase no edificio do Areal, en varios departamentos.

- Na planta baixa contamos con todo o material de robótica , circuítos eléctricos, legos, microbits, mesas e cadeiras, TV interactiva con soporte de rodas, carro de carga, tablets, portátiles, estudio de stopmotion con tela verde, cámara de vídeo e de fotos, trípodes, máquina

de chapas e mobles gabeteros.

- Na 1ª planta temos o estudo de radio, a impresora 3D, o plotter de corte, a impresora multifunción, o ordenador de sobremesa, a máquina de coser, os lápices 3D e a plastificadora.

- Na 2ª planta ubicamos os xogos de construción e imáns, as gradas, colchonetas así como todas as ferramentas na aula de plástica.

As 3 mesas trapezoidales están ubicadas na biblioteca.

No presente curso temos un equipo de dinamización de Polos Creativos, no que pretendemos traballar para que todo o profesorado coñeza o material existente, seipa utilizalo e telo correctamente organizado para un correcto funcionamento.

No pfp actual, temos unha liña de traballo cun seminario relacionado co noso Polo Creativo, onde buscaremos formarnos nalgunha parcela deste programa, como a impresión 3D ou robótica.

O equipo de dinamización está formado polo coordinador e 3 mestras, que se reunirán algúns martes ás 18h, cando sexan convocados polo coordinador.

14. PLAN DE INTRODUCCIÓN DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN

1. Marco lexislativo

Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio (Art 17.1, 29.2, 3.e)

Decreto 130/2007, do 28 de xuño (Art. 6.5, anexo V)

Decreto 133/2007, do 5 de xullo.

2. Características do centro

2.1 Situación actual

Este centro é bastante antigo, e as súas instalacións non están modernizadas, aínda así a nivel de rede e cableado, está bastante ben. O colexio consta de 3 edificios.

No edificio principal, están as aulas de Educación Primaria de 1º ata 4º, dúas aulas de Educación Infantil, o Departamento de Orientación, as aulas de PT e AL, unha aula de inglés, unha aula de relixión, o comedor, a sala de mestres, unha aula de informática, a biblioteca escolar "Carlos Labraña", dous almacenes, unha aula de música, o ximnasio e os despachos de secretaría, dirección e xefatura de estudos.

No edificio de Educación Infantil, hay 6 aulas. Unha destas aulas úsase para

especialidades como inglés, música ou valores.

No Edificio chamado “O Areal” (no pasado foi un colexio independente), hai 3 plantas. Na planta baixa están os vestiarios de Educación Física, un hall de entrada, e 4 despachos. Na primeira e na segunda planta hai 5 aulas en cada unha, que é onde están as clases de 5º y 6º de Educacion Primaria, ademáis de aulas específicas de música, inglés e plástica.

Ademáis na primeira planta tamén hai 4 despachos.

Cabe destacar que a todas as dependencias do centro chega o cableado correctamente dende o rack principal, que está situado na aula de informática.

A maioría do profesorado do centro ten destino definitivo no mesmo, facilitando a planificación de proxectos a longo prazo. Aínda que é necesario potenciar a formación tic, existe vontade de implicarse nos proxectos e interese por mellorar e actualizarse neste eido.

O Equipo directivo considera como tarefa prioritaria a mellora dos equipamentos e do desenvolvemento tic, e fai constar no Proxecto Educativo de Centro, aspectos como promover as TIC como recursos didácticos, mellorando as instalacións, os medios e as metodoloxías de traballo actualizadas e fomentar e promover a formación do profesorado.

2.2 Equipamento

ESPAZO	MATERIAL	ESPAZO	MATERIAL
Aula 1	Pdi+portatil+altavoces+ proxeutor teito	Aula 23	Interactive Intelligent Panel + portátil
Aula 2	Pdi+portatil+altavoces+ proxeutor teito	Aula 24	Interactive Intelligent Panel + portátil
Aula 3	* Ver abaixo	Aula 25	Interactive Intelligent Panel + portátil
(Biblioteca)			
Aula 4	* Ver abaixo	Aula 26	Interactive Intelligent Panel + portátil
(Biblioteca)			
Aula 5	Portatil+proxeutor teito+ altavoces+pantalla persiana	Aula 27	Interactive Intelligent Panel + portátil
Aula 6	Portatil+proxeutor teito+	Aula 28	Interactive Intelligent Panel + portátil

altavoces+pantalla persiana

Aula 7 (Biblioteca)	* Ver abaixo	Areal Aula 29	portátil+pantalla persiana + altavoces + proyector teito
Aula 8	Portátil+pdi+proyector curto alcance+altavoces	música Areal Aula 30	portátil+pantalla persiana + altavoces + proyector teito
Aula 9	Ordenador sobremesa ipad	inglés Areal Aula 31	Proyector ultracorto + pdi + portátil + altavoces + armario de carga + punto wifi abalar
Aula 10	Ordenador sobremesa ipad	edixgal Areal Aula 32	Proyector ultracorto + pdi + portátil + altavoces + armario de carga + punto wifi abalar
Aula 11	Tv 65 + ipad	Areal Aula 33 edixgal	Proyector ultracorto + pdi + portátil + altavoces + armario de carga+ punto wifi abalar
Aula 12	Tv 65 + ipad	Areal Aula 34	portátil+ pantalla + proyector+ altavoces.
Aula 13 (Inglés)	portátil + pantalla persiana+ proyector	(plástica) Areal Aula 35 cromax	parede verde para hacer vídeos cromax + tv 42
Aula 14	Interactive Intelligent Panel + portátil	Areal Aula 36 edixgal	proyector ultracorto + pdi+ portátil+ altavoces armario de carga + punto wifi abalar
Aula 15	Interactive Intelligent Panel + portátil	Areal Aula 37 edixgal	proyector ultracorto + pdi+ portátil+ altavoces armario de carga + punto wifi abalar
Aula 16	Interactive Intelligent Panel + portátil	Areal Aula 38 edixgal	proyector ultracorto + pdi+ portátil+ altavoces armario de carga + punto wifi abalar
Aula 17 (Relixión)	Portátil	Xefatura	1 pc de sobremesa
Secretaría	3 pc de sobremesa 1 fotocopiadora en color 1 impresora láser b/n 1 portátil	Dirección	
Aula 18	Portátil	Orientación	1 ordenador de sobremesa 1 impresora láser b/n
Aula 19	Interactive Intelligent Panel + portátil	Sala de mestres	3 ordenadores sobremesa 1 fotocopiadora b/n 1 fotocopiadora en color
Aula 20	Interactive Intelligent Panel + portátil	Sala de	3 ordenadores
Aula 21 (música)	Pc sobremesa+ pantalla persiana + proyector teito + altavoces		
Aula 22	MATERIAL		

		mestres	1 fotocopiadora b/n
		Areal	
Aula	18 ordenadores sobremesa	Despacho	1 switch abalar
informmát	27 portátiles + armario carga	feira dos	
ica	altavoces	libros	
	1 rack central		
	1 proxector de teito		
	1 pantalla persiana		

A conexión á rede do centro é boa, con 100mb.

* A biblioteca “Carlos Labraña”, con fondos acadados por participar en diferentes proxectos, convocatorias, etc... dispón dos seguintes materiais relacionados coas TICS:

- Tv 65 “ táctil Multiclass
- Impresora 3d Da Vinci
- 2 pcs all in one táctiles HP
- 10 ipads
- Apple tv
- 1 micrófono para ipad para captar sonido.
- Punto wifi abalar
- 1 pc administración (Meiga)
- 1 fotocopiadora color Konica Minolta.
- 6 lego wedo 2.0.
- 6 lego máquinas simples.
- 10 mbots.
- 1 robot ozobot
- 2 robots blueboots
- 1 robot mind designer
- 1 muñeca Amparo Body Planet
- 2 camisetas body planet realidade aumentada.
- 1 cubo merge realidade aumentada.
- 1 mesa táctil multiclass 32 “.
- 1 cámara de fotos Nikon.
- 1 trípode para ipad.

En canto aos alumnos, en 5º e 6º, cada alumno/a ten o seu netbook HP de edixgal. Ademáis temos algún sempre a maiores para usar de reposto. Os antigos netbooks de abalar, tras facer unha solicitude cun proxecto formal, quedaron a nosa disposición para usar nas aulas de 3º e 4º de EP. Consequimos que a Consellería nos instalara puntos wifi para dar

cobertura a estas aulas.

Unha mención a parte merece a nosa radio escolar, que está completa, creada no curso 2019/20, que conta ordenador de sobremesa, micrófonos, mesa de mezclas, cables, auriculares, etc.

Para rematar, dispoñemos de 2 altavoces portátiles con batería, dous micrófonos de cable e 1 equipo completo con mesa de mezclas, 2 altavoces, 1 micrófono inalámbrico e 1 dispositivo para traballar con 4 micrófonos inalámbricos.

Unha das novidades no curso 2020/21 foi a instalación de 4 tvs de 65” nas aulas de infantil con un Ipad sincronizado coa TV pola app instalada na Smart Tv de apple TV.

Dispoñemos ademáis dun equipo completo para facer curtametraxes.

2.3 Iniciativas realizadas

Entramos no proxecto Abalar no curso 2014/15, e pasamos a ser Edixgal no curso 2018/19.

- Formación contínua do profesorado.
 - Robótica e impresión en 3D.
 - Apps educativas.
 - Radio escolar.
 - Abalar e edixgal.
 - Edición de videos.
 - Curtametraxes Ocomotion.
 - Libre-office.
 - Moodle (aula virtual).
- Biblioteca Plambe, Lía, Creativa, Inclusiva.

3. Obxectivos

- Coordinar ós equipos docentes para dinamizar e impulsar o uso das TIC do Centro.
- Promover un uso e aproveitamento eficiente dos recursos TIC existentes no Centro.
- Organizar os espazos existentes para mellorar o seu aproveitamento.
- Elaborar un regulamento de uso do equipamento e dos medios.
- Colaborar na potenciación da biblioteca escolar como centro de recursos multimedia.
- Detectar as necesidades de formación do profesorado e deseñar un plan de formación.
- Fomentar o uso da páxina web do centro, e facebook, como espazos de comunicación.
- Elaborar e actualizar o inventario dos medios existentes.
- Organizar e catalogar a rede informática do centro.
- Coordinar o mantemento cotiá dos equipamentos informáticos e audiovisuais.
- Incrementar e mellorar as instalación e medios do centro.
- Dar soporte con medios TIC a actividades organizadas no Centro
- Recompilar, clasificar e organizar software e actividades.

- Coordinarse co asesor da zona.
- Facilitar o acceso ás Tic do alumnado con necesidades específicas, de apoio, de reforzo educativo e ao alumnado extranxeiro.
- Colaborar na mellora das propostas pedagóxicas do profesorado
- Procurar a integración das Tic como medio dinamizador do proceso educativo.

4. Organización

4.1 Espazos

A eficiencia no aproveitamento dos recursos existentes é un dos obxectivos establecidos neste plan. Os espazos do centro forman parte destes recursos e polo tanto é a nosa intención mellorar en todo o posible a organización e aproveitamento dos mesmos:

- Existe un aula de informática con 18 equipos en correcto funcionamento. Está tamén equipada con proxector e pantalla persiana. O coordinador e o equipo Tic do centro elaborarán ao comezo de cada curso un horario que permita que todos os grupos de alumnado teñan acceso a este aula.
- En cada aula do centro existirá un equipo informático conectado a internet e aos servidores do centro.
- A maioría de aulas teñen proxector e pantalla. O curso pasado colocáronse uns Interactive Intelligent Panel nas aulas de infantil, 1º e 2º de primaria. Estamos á espera da reposición das mesmas no resto das aulas de primaria.
- As aulas de 5º e de 6º curso de educación primaria contarán co equipamento do Proxecto Edixgal. Ademais realizaránse nelas as melloras que se consideren oportunas para desenvolver este proxecto.
- A biblioteca funcionará tamén como mediateca e como sala de usos múltiples, sendo este un dos espazos máis aproveitados do centro. Procurarase sempre mellorar o equipamento da mesma. Está mellor equipada a nivel tecnolóxico que o resto de aulas debido ao presuposto recibido por participar en diferentes convocatorias (Lía, Plambe, Creativa, Inclusiva, premios,...).
- Nunha aula de educación infantil que quedou libre púxose proxector e pantalla persiana para uso común.
- Radio escolar con todo o material actualizado.
- A sala de profesorado estará equipada con ordenadores suficientes para o traballo do profesorado.
- Aula para grabación de videos croma.
- Espazo equipado para facer curtametraxes stop motion.

4.2 Rede

Todos as dependencias do centro teñen acceso a rede por cable. Sen embargo, no que se refire a wifi, demandamos á uac dende fai uns cursos a instalación de puntos wifi abalar en outras zonas do centro que cubran e den cobertura a maioría de aulas.

4.3 Formación do profesorado

Nos cursos anteriores, a maioría de mestres participamos en cursos relacionados coas TICS:

- Apps educativas para infantil e primaria.
- Robótica.
- Impresión 3D.
- Ofimática.
- Radio escolar.
- Edición de vídeos.
- Moodle.
- Webex.
- Polos creativos.

4.4 Alumnado

Crearemos un horario na sala de informática que garanta o acceso de todo o alumnado á mesma e que permita o uso dos equipos de xeito organizado e eficaz. Cada ciclo elaborará o seu propio programa de traballo TIC, contando coa colaboración e a coordinación do equipo de dinamización. Consideramos que é preciso instruír axeitadamente aos alumnos no uso das TIC, procurando que todos/as teñan acceso aos mesmos recursos e levando a cabo unha formación organizada e orientada.

4.5 Equipo Tic

O equipo TIC baixo a coordinación de Alejandro Martínez López.

Tarefas do equipo TIC:

- Dinamizar e impulsar o uso das TIC do Centro
- Elaborar e actualizar o inventario dos medios existentes.
- Organizar e catalogar a rede informática do centro

- Colaborar no mantemento dos equipamentos informáticos e audiovisuais
- Dar soporte con medios TIC a actividades organizadas no Centro
- Organizar e xestionar os medios e recursos TIC do centro
- Actualización da páxina web do centro
- Dar formación e asesoramento sobre a nosa aula virtual (Moodle) a familias, alumnado e profesorado

4.6 Proxecto Edixgal

Somos un centro Edixgal, con 6 aulas equipadas no edificio anexo onde están os cursos de 5º e 6º de ED. Primaria. Na actualidade temos 5 aulas ocupadas, mentres que a outro aproveitámola para relixión ou para desdobles.

O coordinador edixgal dende que comezamos a formar parte desde proxecto é Francisco Javier Fernández Pérez.

4.7 Avaliación

Seguimento

Cada curso escolar farase constar na PXA o proxecto tic para ese curso. Ao remate de cada curso revisarase e avaliarase este proxecto. Ademais revisarase tamén o Plan de integración Tic , despois de facer un seguimento mensual a través das reunións dos equipos de traballo e dos equipos de ciclo.

Revisión

Nas sesións correspondentes de revisión da PXA, en xaneiro e en abril, farase tamén a correspondente revisión do Plan Tic. Terase en conta as aportacións dos distintos equipos de traballo e de ciclo. Unha vez feitas as revisións, e se se o caso, efectuaranse as modificacións necesarias e planificaranse as medidas correctoras que se estimen.

Aspectos de mellora

Na avaliación do Plan Tic contemplaranse tamén os aspectos de mellora do mesmo xunto coas necesidades detectadas, elaborando un informe que se tramitará do xeito que corresponda aos organismos competentes. O coordinador e o equipo Tic elaborarán a memoria final de curso na que se farán constar as medidas de mellora propostas para revisar

e actualizar o Plan Tic.

5. Anexos

5.1 Enderezos web do centro

Páxina web do centro: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/>

Facebook do centro: <https://www.facebook.com/colecedeira/>

Correos electrónicos aulas:

Centro	ceip.nicolas.rio@edu.xunta.gal
Biblioteca	biblio.nicolas.del.rio@gmail.com
3º A.	aula1cedeira@gmail.com
3º B.	aula2cedeira@gmail.com
3º C	aula8cedeira@gmail.com
4º A.	aula5cedeira@gmail.com
4º B.	aula6cedeira@gmail.com
4º C	aula20cedeira@gmail.com
1º A.	aula15cedeira@gmail.com
1º B.	aula14cedeira@gmail.com
1º C	aula16cedeira@gmail.com
2º A.	aula18cedeira@gmail.com
2º B.	aula19cedeira1@gmail.com
5º A.	aula32cedeira@gmail.com
5º B.	aula33cedeira@gmail.com
5º C	aula31cedeira@gmail.com
6º A.	aula38cedeira@gmail.com
6º B.	aula37cedeira@gmail.com
3 anos A.	aula24cedeira@gmail.com
3 anos B.	aula23cedeira@gmail.com
4 anos A.	aula28cedeira@gmail.com
4 anos B.	aula26cedeira@gmail.com
4 anos C	aula27cedeira@gmail.com
5 anos A.	aula11cedeira@gmail.com
5 anos B.	aula12cedeira@gmail.com

5.2 Horario aula informática

HORARIO INFORMÁTICA CURSO 2023/24

LUNS

MARTES

MÉRCORES

XOVES

VENRES

5 años b	2ºb	5 años a	3ºb	4 años a
5 años b	1ºb	5 años	1ºb	4ºa
	4 años b	a 1ºa	2ºa	4ºb
4ºb		1ºc	3ºa	3ºa

15. PLAN DE BIBLIOTECA ESCOLAR

1. En relación coa organización e xestión; a configuración da biblioteca como laboratorio creativo de aprendizaxes.

A organización e xestión da biblioteca escolar é responsabilidade do equipo de dinamización de biblioteca (un equipo estable dende fai máis de oito anos) e do alumnado voluntario. Estes seguen sendo protagonistas, a través da organización, deseño e execución dos seu propios obradoiros e faladoiros (baixo a supervisión necesaria).

A biblioteca está aberta, e todos os seus recursos a disposición de todos os grupos durante a totalidade da xornada escolar, e o seu uso xestionase a través dun sistema de reserva por parte do persoal docente. Esta dispoñibilidade estendese tamén en horario extraescolar a toda a comunidade educativa os luns, mércores, xoves e venres de 16 a 17 h, atendida polo profesorado do centro e sempre que sexa necesario para realizar actividades, exposicións, presentacións de proxectos... derivados das labores da biblioteca.

Nas xornadas de recreo, os recursos tecnolóxicos adquiridos coas dotación Lía, están moi requeridos. Realízase empréstito en sala para actividades formativas, para garantir un aproveitamento satisfactorio.

Medra o espazo adicado a familias con recursos bibliográficos demandados por elas, que poden levar en préstamo. Seguiremos traballando para dotalo con novos elementos e implicando ás familias que así o desexen a participar en diferentes actividades educativas.

Ampliación da biblioteca, no edificio do Areal, cunha aula e hall. Dotándoa de fondos bibliográficos e recursos relacionados coa robótica e a investigación, chegados dende Polos Creativos. A nosa biblioteca, xa estendeu azos noutras ocasións, como a ludoteca no pasillo do Nicolás.

Continuarase coa catalogación de fondos en Meiga -impresos ou dixitais- e tecnolóxicos,

seleccionados en base a criterios de calidade, de pertinencia, de significación e de inclusión, priorizando os que permitan desenvolver proxectos documentais integrados, en especial os que se refiran a calquera aspecto do currículo cedeirés.

Farase unha actualización do listado de coleccións de lectura colectiva, que será compartida co claustro do centro a través de ferramentas dixitais como calameo, genially, etc. Así como trazar un plan para facer o préstamo a aulas das coleccións de lectura (incluída a dixital).

Participaremos no plan de voluntariado de lectura A como é habitual, onde as función dos voluntarios na biblioteca son imprescindibles para o funcionamento e apertura da biblioteca.

Continuaremos no programa de biblioteca creativa, biblioteca Inclusiva, no de Radio na Biblio e Lectura e familias. Orgullosos de ser Lía.

Seguiremos traballando en colaboración coa biblioteca escolar do IES Punta Candieira e a Biblioteca Municipal López Cortón.

Continuaremos mantendo reunións trimestrais cos equipos de normalización lingüística e de actividades extraescolares para mellorar a calidade e fluidez das actividades conxuntas.

A persoa responsable da biblioteca escolar seguirá formando parte da comisión de Coordinación Pedagóxica, e informará ao Claustro e ao Consello Escolar sempre que se demande ou se considere necesario. A Comisión de biblioteca reunirse unha vez ao trimestre para apoiar as accións programadas polo equipo de biblioteca.

2. En relación coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, a súa integración no tratamento do currículo e a súa contribución á alfabetización múltiple e ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado.

O blog da biblioteca, localizado no espazo web do centro, seguirá sendo un elemento clave na dinamización e promoción dos recursos, novas adquisicións de fondos, actividades, no que se conta tamén cun enlace directo ao catálogo en rede. Difundiremos as nosas actividades tamén a través das redes sociais: Facebook e Twitter; o Abalar Móbil, correo electrónico, en certas ocasións a través de circulares impresas e cartelería. Para as comunicacións dentro do centro, poñeremos os anuncios nos taboeiros da biblioteca e no espazo da sala de mestres adicado á biblioteca escolar. O Whatsapp, con moita seguridade,

adquiera máis presenza.

Faremos pequenos cambios no blog de biblioteca.

Os recursos existentes na biblioteca apoiarán as aprendizaxes que se leven a cabo no centro, tendo maior peso cando a metodoloxía a empregar sexa o traballo por proxectos. Así mesmo, o currículo recolle o emprego da biblioteca escolar nos diferentes niveis educativos, cuestión que será abordada a través da formación de usuarios.

Continuaremos apostando polas alfabetizacións múltiples, aportando diversidade de fondos en diferentes soportes e seguiremos traballando con robótica con outros recursos tecnolóxicos (impresora 3D, máquina de coser...), dentro da Biblioteca Creativa para contribuír á creación de cidadáns dixitais.

A biblioteca seguirá potenciando o enfoque inclusivo, un lugar para todas e todos, buscando compensar desigualdades e actuando como factor de compensación social e de equidade.

Seguiremos promovendo capacidades e actitudes relacionadas coa lectura e a escritura, a través de creacións de xogos dixitais, manipulativos, obradoiros como "Buzón de cartas a Percebiño". Este obradoiro mellora a lectoescritura pero tamén oferta información emocional sobre o noso alumnado. Procurarase vincular as actividades propostas coas tarefas que se desenvolvan nas aulas, tendo sempre como referente o currículo.

3. En relación coa formación de usuarios e adquisición da competencia informacional (competencia para o tratamento da información incluída na actual "competencia dixital").

Neste inicio de curso terá lugar a formación de usuarios, como vén sendo habitual. O curso pasado, despois da avaliación da comunidade educativa, decídese que a formación de usuarios estará presente, durante varias ocasións no curso escolar. Todos os grupos visitarán a biblioteca e realizarán actividades. O alumnado de quinto e sexto niveis, ampliarán a súa formación con visitas ás Bibliotecas Pública Municipal "López Cortón", e a do les Punta Candieira.

Afondarase en diferentes aspectos do "currículo cedeirés" a través de proxectos, empregando as tecnoloxías da información e a comunicación para desenvolver tarefas e actividades de busca, selección e transmisión da información. Implicaremos ás familias do

pobo intentando crear conciencia de comunidade.

O equipo de biblioteca poñerá especial atención, para sacar proveito a tódolos recursos da nosa biblioteca, con apps educativas actualizadas, proxectos na impresora 3D en Tinkercad, robótica, ferramentas para compartir os traballos e actividades, etc.

4. En relación co fomento da lectura e co desenvolvemento do proxecto lector de centro (en materia de lectura, escritura e habilidades no uso, tratamento e produción de información).

As mochilas viaxeiras continuarán o seu percorrido polos fogares do alumnado de 5 anos, 3º e 6º de E.P.; ao igual que as bolsas que van e veñen en toda a Educación Infantil.

Polo tempo de Nadal e no verán faranse recomendacións de lectura, que atenderán á competencia lectora e aos diferentes intereses do alumnado.

Manterase a hora de ler de 20 minutos todos os días despois do recreo para todo o centro educativo. Continuarase coa adquisición de novas fondos libros para lecturas colectivas en voz alta e recursos diversos.

Teremos en conta o proxecto lector de centro, facendo as achegas necesarias relacionadas coas actuacións da biblioteca escolar.

Manteranse as tertulias dialóxicas, coa participación das familias e actividades de lecturas compartidas dentro e fóra do centro e intentaranse recuperar os apadriñamentos lectores do alumnado do IES Punta Candieira co de educación infantil.

Continuarase co intercambio de cartas con Percebiño e co club de lectura, actividades moi consolidadas xa entre o alumnado, cun gran éxito de participación. Incidiremos especialmente nestes aspectos coa fin de potenciar a lectura como fonte de lecer, e deseñaremos actividades para mellorar a competencia lingüística.

Continuarese promovendo o teatro como recurso educativo altamente motivador con múltiples posibilidades.

5. En relación cos avances cara a unha biblioteca inclusiva.

A organización e xestión da biblioteca, así como os recursos e as actividades propostas atenden ao criterio de inclusión, estando todo a disposición de toda a comunidade educativa, participando en condicións de igualdade e respectando as características individuais. Aínda así manteremos especial atención na:

Mellora da sinalización dos espazos da biblioteca.

Incorporación de fondos e recursos inclusivos ao noso catálogo e ao espazo físico da biblioteca.

Programación de obradoiros diversos e accesibles para todo o alumnado onde todas e todos teñan a oportunidade de participar.

6. Outras actuacións.

No curso pasado, o empréstimo de xogos a familias aumentou. Pensamos que é necesario reforzar os xogos de mesa, pola súa importancia na socialización, aprendizaxe de normas, toma de decisións...

7. Criterios e procedementos de avaliación. Indicadores e instrumentos que se utilizarán.

Para avaliar as accións levadas á práctica teranse en conta:

- as valoracións e propostas recollidas nos cadernos das mochilas viaxeiras
- as cartas recibidas por Percebiño, que nos aportan datos do alumnado moi significativos
- os foros de biblioteca creados na aula virtual
- as estadísticas no programa Meiga
- as achegas de uso de ordenadores e ipads feitas polo voluntariado
- o rexistro de reserva de espazos (radio, ipads, robótica, cociña, espazo argalleiro, xardín lector...)
- a participación nos obradoiros e faladoiros do alumnado e noutras actividades
- o cumprimento do calendario de actividades propostas para o curso escolar

- os formularios de avaliación da biblioteca escolar
- as reflexións do alumnado voluntario e do equipo de biblioteca
- as publicacións de novas no blog e nas redes sociais

8. Membros do equipo.

A responsable da biblioteca continuará sendo M^a Dulcenombre Carro Etchepare, que contará cun equipo de apoio estable que xa viña formando parte do equipo ao longo dos últimos cursos.

*María Dulcenombre Carro Etchepare: coordinadora

- Rosa Romero Crego
- Teresa Ramonde Calvo
- Raquel García López
- Susana Romero Crego

- Rebeca León Graña

- Lucía Rico García

- Carlota Picos López

- María del Carmen Lorenzo Díaz

16. SERVIZOS ESCOLARES

a. Transporte escolar

O Servizo de Transporte funciona con 4 rutas para as entradas e saídas, repartidas o mediodía nunha ruta (1) ás 14h e 3 rutas (2,3 e 4) ás 15h.

RUTAS	ALUMNADO
1. EMPALME-MARAVILLA	17
2. MOREIRA-MOSENDE	31
3.SANTO ANDRÉ DE TEIXIDO-PONTIGAS	10

4.BARRAL-LAMELAS.

7

TOTAL

65

b. Comedor

Responsable delegada de comedor: Antía Pita Martínez

Encargado de Comedor: Gonzalo López Rodríguez

Superficie útil do salón comedor 142, 80 m² . Longo 21 m e ancho 6,80 m.

Aula de música/comedor infantil: 7,15 m² longo e ancho 6,70m.

Usuarios do Comedor

ALUMNOS/AS	GRATUIDADE DO 100%	ABON O 1 €	ABONO 2,50 €	ABONO 4,50 €	TOTAIS
INFANTIL	40	5	0	12	57
PRIMARIA	105	12	6	27	150
TOTAL ALUMNADO USUARIO	145	17	6	39	207
COLABORADORES	0	0	0	13	13
COIDADORES	3	0	0	0	3
COCIÑA	3	0	0	0	3
RESPONSABLE E DELEGADO	0	0	0	2	2
TOTAL	151	17	6	54	228

O número de colaboradores segundo a orde 21 de febreiro 2007

é: 6 (infantil) e 7 (primaria)

c. Servizo de madrugadores:

Este servizo complementario será ofrecido pola ANPA Picapeixe, durante o presente curso escolar 2023/24, en colaboración co Concello de Cedeira e co CEIP Nicolás del Río.

OBXECTIVOS

Conciliar a vida laboral e familiar.

Ampliar o horario de apertura do Centro

Optimizar o uso das instalacións do Centro

Incrementar a oferta dos servizos educativos

Ofrecer aos usuarios/as un almorzo saudable

TEMPO E ORGANIZACIÓN

A actividade levarase a cabo dende as 7:30 horas até o inicio do período lectivo.

Os usuarios/as poderán escoller a hora de entrada, que poderá ser ás 7:30, ou ás 8:00 en función das súas necesidades. Durante o presente curso fan uso deste servizo 8 alumnos/as de educación infantil e 25 de educación primaria.

Durante o período do servizo utilizaranse o comedor do centro:

Comedor: as monitoras prepararán e servirán o almorzo aos usuarios. Tratarase dun almorzo completo e saudable. Para este fin usarán o microondas do comedor e as mesas e cadeiras.

Unha vez cumprido o tempo, os monitores acompañarán ao alumnado ás súas correspondentes filas, dependendo da idade, e prestando especial coidado aos nenos e nenas de Educación Infantil.

Todo o alumnado deberá estar acompañado en todo momento, e os monitores levarán un control da asistencia dos usuarios. As familias participantes serán as responsables de informar ao equipo directivo ou titor/a de calquera observación salientable sobre os seus fillos/as (alerxias, intolerancias, etc)

Os monitores serán tamén os encargados de velar polo bo uso das instalacións e materiais, e manterán orde e limpeza nos espazos utilizados. Deberase ter especial coidado

en respectar as normas de uso da biblioteca.

A xestión da actividade por parte da ANPA Picapeixe implicará o control das inscricións e pago de cotas, a dotación de materiais funxibles e dos almorzos, a contratación de monitores. O CEIP Nicolás del Río proporcionará os espazos adecuados e materiais non funxibles dos que dispoña o Centro e que poidan ser necesarios para algunha actividade.

17. COMEDOR ESCOLAR

INTRODUCCIÓN

Coa aprobación para o noso centro dun Programa Anual do Comedor pretendemos concretar aspectos organizativos e de funcionamento que contribuían a obter a máxima rendibilidade e eficacia na xestión dos recursos humanos, materiais e económicos do comedor.

Base legislativa a ter en conta:

-Orden do 21 de febreiro do 2007 pola que regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

-Decreto 10/2007, do 25 de xaneiro, polo que se regula o funcionamento dos comedores escolares nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

-Instrución 2/2023, da Secretaría xeral técnica da Consellería de Educación Universidade e Formación Profesional, do 1 de xuño 1 de 2023, sobre o funcionamento dos comedores escolares de xestión directa no curso escolar 2023/24.

-Decreto 132/2013, de 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación.

OBXECTIVOS DO COMEDOR

1.- Concienciar da importancia dunha alimentación axeitada para un bo crecemento e desenvolvemento.

2.- Educar en hábitos alimentarios saudables.

3.- Aprender a comer correctamente en grupo, seguindo unhas normas básicas de educación

e convivencia.

NORMAS XERAIS

- A comida transcorrerá nun clima de orde e tranquilidade. As conversas tanto dos comensais como dos colaboradores e axudantes desenrolaranse en orde e ton tranquilo.

- Todos deberán comer ben sentados.

- No momento do xantar haberá 13 colaboradores.

QUENDAS DE COMEDOR

Para este curso escolar faremos dúas quendas de comedor:

1ª quenda: de 14:00 h a 14:30h.

- Educación Infantil
- 1º, 2º, 3º de Educación Primaria

2ª quenda: de 14:30 a 15:00 h

- 4º, 5º e 6º de Educación Primaria.

O alumnado de 4º e 5º de infantil comerá na primeira quenda dentro da aula de música. A comida sairá nun carro que será transportado por colaboradores de comedor ata a aula.

O restante alumnado da 1ª quenda comerá no comedor agrupados por clases. A comida sairá en varios carros con bandexas de autoservizo xa empratadas de cociña.

O alumnado da 2ª quenda, permanecerá no patio do Areal ata ás 14:30h, acompañados polos colaboradores necesarios. Non entrarán ao comedor ata que saia todo o alumnado da 1ª quenda.

Entre a 1ª e a 2ª quenda limparanse mesas e cadeiras.

O persoal de cociña lavará e desinfectará todo o enxoval, electrodomésticos e utensilios que se empreguen no proceso de elaboración dos menús.

Todo o persoal colaborador (13), encargada de comedor e delegada de dirección estarán presentes durante todo o tempo de comedor.

Saídas de comedor

1ª quenda: **3 e 4 anos** sairán polo edificio de **Educación Infantil ás 14:30 h.**

a. **5 anos, 1º,2º, 3º e 4º** de Educación Primaria pola **porta branca ás 14:30 h**

2ª quenda: saída ás **15:00 h**

b. 5º e 6º de Educación Primaria pola **porta principal**.

O alumnado da 1ª quenda que teña irmáns na 2ª quenda poderá permanecer no centro ata as 15:00h e saír co seu irmán ou irmá pola porta principal.

O alumnado transportado da 1ª quenda permanecerá no patio cuberto e ximnasio ata as 15:00 h que sae o transporte escolar.

O alumnado que o necesita poderá quedarse ata as 16h.

1.-COLABORADORES

Colaboran entre persoal docente, non docente e nais/pais un total de 13 colaboradores por día (facendo varias quendas para que traballen todas as nais que o solicitaron)

Os colaboradores dados de alta para realizar as tarefas asignadas durante este curso, son:

- María Cristina Bouzamayor Bustabad (Docente)
- Crisanta Bustabad Pérez (Docente)
- Susana Martínez López (Docente)
- Ana Isabel Rodríguez Rodríguez (Docente)
- Lucía Casal Pérez (Docente)
- Alejandro Martínez López (Docente)
- Rocío Yáñez Rodríguez (Non docente)
- Estefanía Caneiro Yáñez (outros)
- Ricardo Freire Casas (outro)
- Ana García Rodríguez (outro)
- Elena López Lourido (outro)
- Rosario Naranjo Ortega (outros)
- Paula Nebril Nebril (outros)
- Jesica Martínez Urosa (nai)
- María Sandra Meno PArceiro (nai)
- Alicia Rico García (nai)
- Andrea Shepherd Cabarcos (nai)
- Laura María Varela Vilela (nai)
- Ailyn Lucía Villarreal Villamizar (nai)

Este ano contamos con persoal coidador asignado aos usuarios de NEE (Cristina Tojeiro Pazos, Yolanda Ferreira Bellón e Mª del Mar García Ramonde).

Funcións dos colaboradores:

1. Cumprir co labor de coidado, atención educativa ao alumnado e apoio ás actividades establecidas.
2. Servir aos comensais, atendelos durante a comida, recoller a mesa e limpala
3. Coordinar tarefas relativas á educación para a saúde, adquisición de hábitos sociais e unha correcta utilización e conservación da menaxe, aplicando as normas e indicacións da encargada do comedor escolar e dirección para o correcto desenvolvemento das actividades e tarefas propias do servizo.
4. Axudar aos alumnos e ás alumnas que, por idade ou necesidades asociadas a condicións persoais específicas de discapacidade, necesiten a colaboración e soporte dun adulto nas actividades de alimentación e aseo.
5. Informar ao equipo directivo do centro de calquera incidencia relacionada co desenvolvemento do servizo para poñela en coñecemento das familias.
6. Atención ao alumnado nos períodos de antes e despois do xantar, basicamente no exercicio e desenvolvemento de actividades programadas para eses períodos, atendendo ás orientacións da encargada do servizo de comedor escolar.

Pautas de funcionamento interno

- 1.- Cada colaborador terá asignada unha ou varias zonas (comedor, aula música, corredor, aula 3 anos, aulas 4 anos, Areal, ximnasio, patio e transporte).
- 2.-No caso de ausencia dalgún colaborador, comunicarase á encargada, que se fará cargo da súa substitución por outro colaborador.
- 3.- Organizaranse as entradas e as saídas ordenadas dos alumnos.
- 4.-Observarase se está completo o servizo das mesas e animará a comer a aqueles comensais inapetentes.
- 5.-As incidencias anotarase na "Folla de Incidencias" do comedor. En caso de accidente, facerse cargo do accidentado:
 - a) procedendo a unha cura inmediata.
 - b) avisando á familia do alumno accidentado para que se faga cargo de el, se a incidencia así o requirise.

c) anotalo na “Folla de Incidencias”.

3.-COMENSAIS

O número de usuarios permitidos pola Consellería de Educación é de 208 alumnos/as. Máis 20 que se reparten en colaboradores, coidadores, cociña, responsable e delegado de dirección.

Normas de comportamento dos alumnos/as:

1.- Os alumnos terán en todas as circunstancias un comportamento axeitado e acatarán as instrucións dos colaboradores.

2.- Varios colaboradores recollerán ao alumnado nas respectivas clases e acompañaraos ata os respectivos sitios. O alumnado de 3 e 4 anos come na aula de música e serán acompañados dende a súa aula por colaboradores. O alumnado de 5º e 6º agarda á 2º quenda no Areal co persoal colaborador.

3.- As entradas ao comedor faranse do xeito máis ordenado posible.

4.- Cada alumno debe ocupar o sitio asignado.

5.- Una vez no seu sitio, os alumnos deben permanecer sentados. Ante calquera necesidade, levantarase a man para ser atendidos polos colaboradores.

6.- Os alumnos non teñen permitida a entrada na cociña.

7.- É aconsellable probar cada prato do menú, procurando comer todo o que se serve. A comida sérvese en bandexa de autoservizo (saíndo empratada de cociña)

8.- Non se tirará comida nin desperdicios ao chan.

9.- Procurarán falar o máis baixo posible, evitando dar voces.

10.- Non poderán saír do comedor con comida, permanecendo neste ata que os colaboradores lles permitan saír.

11.- Esgotado o tempo de xantar, os nenos que aínda non remataran permanecerán no seu sitio.

12.- Despois de xantar, os alumnos de transporte dirixiranse ao lugar asignado polos colaboradores.

13.- O alumnado con irmáns na 2º quenda, agardará no lugar asignado sempre acompañado de persoal colaborador.

14.- O alumnado de Educación Infantil sae pola porta de Infantil, permanecendo na aula ata o momento da recollida.

15.- O alumnado de Primaria da 1ª quenda permanecerá sentado no seu sitio ata ser chamado para entregar á persoa que o recolle.

16.- Non se poderá abandonar o centro sen que unha persoa adulta se faga cargo do alumno agás os usuarios autorizados para saír sos.

Organización dos colaboradores e axudantes:

Os colaboradores diarios serán 13 e farán ambas quendas repartíndose nas distintas zonas.

O MENÚ

O menú será variado, saudable e coas cantidades semanais correctas de peixe, carne, verdura, ovos, froita e lácteos; seguindo sempre as directrices da Consellería de Sanidade en relación aos Menús Escolares.

O menú evitará un abuso de graxas e patacas, e regularán un contido correcto de sal.

O menú elaborado é rotativo e consta de 1º prato, 2º prato e sobremesa (acompañado de auga e pan) para cada día da semana cun total de 4 semanas, a partir da cal comezase de novo na primeira semana.

Este menú foi aprobado en Consello Escolar:



MENÚ

CEIP NICOLÁS DEL RÍO

	SEMANA 1	SEMANA 2	SEMANA 3	SEMANA 4
LUNS	Crema de espinacas Tortilla de pataca con ensalada de tomate. Froita	Ensalada de pasta Tortilla de calabacin logur	Minestra de verduras Arroz con ovo e salsa de tomate Froita	Xudias rehogadas Tortilla de pataca con tomate Froita
MARTES	Minestra de verduras Albóndegas con arroz logur	Crema de porros Filete de polo con patacas Froita	Ensalada vexetal Pasta con salsa boloñesa logur	Ensalada vexetal Hamburguesa con patacas logur
MÉRCORES	Ensalada mixta Pasta con atún e salsa de tomate Froita	Xudias rehogadas Peixe con patacas Froita	Ensalada de garbanzos Peixe con calabacin e pataca Froita	Crema de porros Fideua de peixe e marisco Froita
XOVES	Brécol con allada Peixe con patacas logur	Ensalada vexetal Arroz con carne Froita	Crema de verduras Costela ó forno con patacas Froita	Ensalada de arroz Polo asado con leituga logur
VENRES	Lentellas vexetais con arroz Polo asado Froita	Ensalada con fabas Croquetas con tomate logur	Ensaladilla Peixe con ensalada de tomate logur	Lentellas vexetais Peixe con pataca e calabacin Froita

O menú será único para todos os usuarios, tendo en conta a posibilidade de cambialo cando se trate dun comensal que sufra algunha alerxia ou intolerancia a determinados alimentos (sempre acreditado polo médico). Este ano contamos con 5 nenos/as alérxicos/as.

O menú foi publicado na web do centro para que saiban o que come no comedor o seu fillo/a e para que poidan facer unha dieta equilibrada no resto das comidas da casa.

Este menú poderá ser modificado excepcionalmente por necesidades do servizo e por falta de persoal en cociña.

OS PROVEDORES

A relación de provedores cos que traballamos é a seguinte:

- PANADERÍA DURÁN (pan e fariña)
- PANADERÍA MONTOXO (empanadillas)
- BOHAL (leite, nata e queixo)
- CARNERÍA PAINCEIRAS (carne)
- CARNICERÍA CANTALARRANA (carne picada, costela e criollos)

- ALIMENTACIÓN J. QUINTELA (alimentación xeral)
- GADIS (alimentación xeral)
- IFA (alimentación xeral)
- AVÍCOLA VÁZQUEZ (ovos)
- CONXEGAL (conxelados)
- CARBALLEIRA (produtos limpeza)
- ROYAL MAYLINE (produtos limpeza)
- FROITERÍA ALBERTO (froitas e verduras)
- Peixes e Mariscos “OS FREIRES SC” (peixe fresco)
- Distribución de Pescados e Mariscos “PESCADOS LOUREDA SL” (peixe)
- Distribucións “CARREIRAS” (conxelado e alimentación xeral)
- VIFER (patacas)

RESPONSABLES DE COMEDOR

Delegada de Dirección : Antía Pita Martínez

Encargado: Gonzalo López Rodríguez

PERSOAL DE COCIÑA

Xefa de cociña: Ángeles Calvo Prieto

Axudantes de cociña: Pilar Díaz Carneiro e Gloria Veiga Riveira


18. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

1. LOCALIZACIÓN E EQUIPAMENTO DAS CAIXAS DE URXENCIAS.

As caixas de urxencias sitúanse nos seguintes lugares do centro: Edificio Areal, sala de mestres.

- Edificio Educación Infantil, corredor.
- Edificio Nicolás: secretaría, comedor e ximnasio.
- Adrelinas para os alumnos alérxicos: na aula de cada alumno e nas zonas comúns (ximnasio, sala de mestres e sala de mestres do Areal).

2. PLAN DE EVACUACIÓN.



MESTRE ENCARGADO ASIGNADO A CADA ZONA:

Edificio do Areal:

- Primeira planta: Susana Martínez López
- Segunda planta: María Jesús Luaces Pita

Edificio Nicolás del Río:

- **Zona 1** (ximnasio, biblioteca, aulas 1e 2) Marta Cameselle Barge

- **Zona 2** (aulas 5,6,7,8,9,10,11,12 e comedor) Pilar García

-**Zona 3:** (aulas 13,14,15,16,17,18,19,20 e aula de informática) Carlota Picos

Edificio de Infantil: Lucía Casal

3. CONTROL DE PERSOAS ALLEAS AO CENTRO.

Non se permite a entrada ao centro de persoas alleas que non teñan a debida autorización.

4. PROTECCIÓN DO ALUMNADO.

O alumno só poderá abandonar o centro en horario escolar co permiso do director, ou persoa en quen delegue, e sempre que se fagan cargo del os pais ou persoa debidamente autorizada. Levarase o rexistro correspondente tanto das entradas como das saídas na secretaría do centro.

5. SAÍDAS DE EMERXENCIA:

As saídas de emerxencia do centro están debidamente sinaladas e libres de obstáculos para facilitar o seu uso se fose necesario.

Atópanse localizadas nos seguintes puntos:

- Saída de secretaría.
- Saída de transporte.
- Saída ao patio de area.
- Saída do Areal ás pistas do patio exterior do Areal.
- Saída de Infantil.

6. SISTEMAS DE SEGURIDADE:

O centro dispón dos seguintes dispositivos de seguridade:

- Valos protectores que arrodean todo o centro impedindo a saída directa cara o exterior.
- Dispositivos de alarma para posibles roubos ou estragos no centro escolar. En caso de que xurda calquera destas situacións farase a denuncia correspondente, enviando unha copia da mesma a delegación provincial de Educación.
- Contamos con extintores en todos os edificios.

7. SAÍDAS Á RÚA

Podemos considerar este centro seguro á hora da saída do alumnado coas súas familias, xa que recollen aos seus fillos e fillas dentro do recinto educativo. Ademais en colaboración co Concello e Policía Local, habilitáronse unas portas exteriores de corredera metálicas que impiden o paso do alumnado á rúa directamente.

Tódalas persoas que forman a comunidade educativa coñecerán a existencia do

Plan de Autoprotección e o seu funcionamento. O noso centro contará ao longo do curso cun simulacro para a posta en funcionamento e poida contribuír a garantir a protección do alumnado, mestres e persoal laboral do centro.

19. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

1. Xustificación baseada no contexto

Normativa específica

- ORDE do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998.
- DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- ORDE do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

Tipoloxía de centro

O CEIP Nicolás del Río ubícase na vila costeira de Cedeira (A Coruña).

No presente curso escolar 2023-2024 constitúese como liña 2 en todo o 2º ciclo de

educación infantil; na educación primaria é liña 2 en 1º, 4º e 5º mentres que conta con liña 3 nos niveis de 2º, 3º e 6º. Deste modo están esolarizados un total de 386 alumnos e alumnas, conformando 21 grupos-aula.

Compoñentes do Departamento de Orientación:

- coordinadora do 2º ciclo de educación infantil: Lucía Casal Pérez
- coordinadora do primeiro ciclo de educación primaria: María José Pérez Yáñez
- coordinadora do segundo ciclo de educación primaria: María Cristina Bouzamayor Bustabad
- coordinadora do terceiro ciclo de educación primaria: Susana Martínez López
- mestra especialista en pedagogía terapéutica: Ana Isabel Seage Breijo
- mestra especialista en pedagogía terapéutica: Lucía Rico García
- mestra especialista en audición e linguaxe: Crisanta Bustabad Pérez
- PROA +: Leticia Prieto Martínez
- xefatura do departamento de orientación: Rebeca León Graña

2. Identificación e valoración das necesidades

A resposta máis axeitada ás necesidades educativas do alumnado comezan facendo unha valoración a nivel de centro (partindo das barreiras arquitectónicas, organización de espazos e recursos...), dos grupos-aula (atendendo aos criterios de agrupamento, a acollida, a distribución horaria...) e do alumnado individualmente (tendo en conta todo o *conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións e intereses, e situacións sociais e culturais de todo o alumnado*).

Identificación de alumnado con necesidade específica de apoio educativo:

- 13 alumnos/as con discapacidade
- 8 alumnos/as TEA

- 5 alumnos/as con altas capacidades
- 9 alumnos/as con trastorno da atención
- 2 alumnos/as en situación de vulnerabilidade socioeducativa e/ou cultural
- 3 alumnas con condicións persoais ou de historia escolar
- 5 alumnos/as con dificultades de aprendizaxe
- 26 alumnos/as con trastornos dos sons da fala

Durante este curso escolar un total de 11 alumnas/os precisarán da atención do persoal auxiliar coador.

As avaliacións iniciais permiten ao profesorado detectar necesidades; nestes casos, cando exista discapacidade ou trastorno que afecte á aprendizaxe e ante sospeita de altas capacidades, realizarase unha avaliación psicopedagóxica.

Ponse a disposición do profesorado o Protocolo de demanda de intervención do departamento de orientación.

Deste xeito, o número de necesidades identificadas ao longo do curso irase incrementando, variando o alumnado con NEAE con respecto ao indicado con anterioridade.

3. Determinación dos obxectivos

A determinación dos obxectivos ven marcada pola aplicación dos principios do deseño universal de aprendizaxe (DUA), tal como se sinala na normativa.

- LOMLOE

*PREÁMBULO Entre os principios e os fins da educación inclúese o cumprimento efectivo dos dereitos da infancia segundo o establecido na Convención sobre os dereitos do neno de Nacións Unidas, a inclusión educativa e a aplicación dos principios do **deseño universal de aprendizaxe**, é dicir, a necesidade de proporcionar ao alumnado múltiples medios de representación, de acción e expresión e de formas de implicación na información que se lle presenta.*

Artigo 4.3. Sen prexuízo de que ao longo do ensino básico se garanta unha educación

*común para todo o alumnado, adoptarase a educación inclusiva como principio fundamental, co fin de atender a diversidade das necesidades de todo o alumnado, tanto do que ten especiais dificultades de aprendizaxe como do que ten maior capacidade e motivación para aprender. Cando tal diversidade o requira, adoptaranse as medidas organizativas, metodolóxicas e curriculares pertinentes, segundo o disposto na presente lei, conforme os principios do **deseño universal de aprendizaxe**, garantindo en todo caso os dereitos da infancia e facilitando o acceso aos apoios que o alumnado requira.*

- Orde 8 de setembro de 2021 de atención á diversidade

(...) o deseño universal para a aprendizaxe (DUA) ten como finalidade lograr a inclusión efectiva de todo o alumnado, con independencia da súa diversidade; asegura que o currículo sexa planificado e posto en práctica de tal forma que non supoña impedimento nin barreira para as persoas no desenvolvemento das súas competencias.

Plantéxanse os seguintes obxectivos:

- Continuar a colaboración e a coordinación entre o propio centro e o IES ao que está adscrito (I.E.S. Punta Candieira), establecendo un encontro trimestralmente.
- Avaliar ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo para o deseño de programas e medidas de atención á diversidade.
- Coordinar en colaboración coas mestras de PT e AL a atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Participar na revisión dos proxectos do centro.
- Coordinar, apoiar e ofrecer soporte ás actividades de orientación e tutoría.
- Colaborar co profesorado titor e profesorado de área no deseño e execución de medidas de atención á diversidade, como son as adaptacións curriculares.
- Facilitar a colaboración entre os membros do Departamento de Orientación e os demais titores/as e especialistas.
- Colaborar en actividades interdisciplinares e nos traballos que se aborden sobre temas transversais.

- Proporcionarlle ao alumnado orientación académica.
- Contribuír a que a avaliación no centro sexa desenvolta segundo os principios de avaliación inicial, continua, formativa e orientadora. Este proceso comprenderá accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:
 - A. Análise dos informes de avaliación individualizados do curso anterior.
 - B. Detección das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2022/2023, así como a súa correspondencia coa falta do desenvolvemento das correspondentes competencias clave.
 - C. Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional co fin de tomar as decisións profesionais de actuacións por parte do profesorado.
- Divulgar materiais de apoio que poidan servir de referencia para a atención á diversidade.
- Favorecer a colaboración cos recursos externos.
- Colaborar coas familias na mellora do proceso de ensino-aprendizaxe dos seus fillos/as.

4. Descrición das actuacións, medidas e/ou programas para a atención á diversidade

Sinalar a importancia de por en marcha actuacións que posibiliten a detección temperá de necesidades no alumnado do centro. Neste senso destaca o valor que asumen as avaliacións iniciais, sobre todo no alumnado de nova incorporación ao sistema educativo.

As actuacións preventivas na etapa de educación infantil irán encamiñadas ao ámbito da comunicación e a linguaxe. Impartirase un Programa de Estimulación da Linguaxe Oral (PELO) a todo o alumnado de educación infantil.

Facilitaranse sociogramas ás titorías de educación primaria co fin de detectar posibles situacións de acoso ou problemas na socialización.

Para dar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado fomentárase o emprego de medidas ordinarias e extraordinarias, tal como sinala a normativa.

- Medidas ordinarias

- Adecuación da estrutura organizativa do centro, e da organización e a xestión da aula ás características do alumnado

a) A elaboración dos horarios do alumnado.

b) A asignación de titorías.

c) O agrupamento do alumnado.

d) A distribución das aulas, das unidades e/ou dos espazos.

- Adecuación das programacións didácticas ao alumnado e ás circunstancias do seu contorno

- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión

- Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación

- Aulas de atención educativa e convivencia

- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria

- Programas de enriquecemento curricular

- Plan de reforzo para o alumnado que pase de curso con materias sen superar

- Plan específico de reforzo para o alumnado de educación primaria que permaneza un ano máis no mesmo curso

- Programas de habilidades e competencias sociais

• Medidas extraordinarias

- Adaptacións curriculares

- Agrupamentos flexibles

- Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe

- Flexibilización da duración do período de escolarización nas etapas de educación infantil, educación primaria e educación secundaria obrigatoria

- Atención educativa ao alumnado que presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro docente
- Atención educativa ao alumnado menor sometido a medidas de responsabilidade penal
- Atención educativa ao alumnado sometido a medidas de protección e tutela
- Atención educativa ao alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar
- Atención educativa ao alumnado pertencente a familias itinerantes
- Atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro
- Grupos de adquisición de linguas
- Grupos de adaptación da competencia curricular

● PROA+

O Programa para a orientación, avance e enriquecemento educativo en centros 2021-2023 está cofinanciado polo Ministerio de Educación e Formación Profesional e pola Unión Europea no marco do Mecanismo de recuperación, transformación e resiliencia.

Inclúese no marco do Plan Recupera da consellería, na convocatoria de Contratos-programa Recupér-T, poñendo a disposición dos centros medidas de reforzo docente.

O obxectivo do programa é o éxito escolar de todo o alumnado, facendo especial fincapé naquel en situación de vulnerabilidade educativa, procurando a mellora no rendemento académico.

Durante o presente curso contarase cunha mestra con perfil de PT a media xornada. O reforzo educativo realizarase dentro das aulas ordinarias nos grupos: 3ºA, 3ºC, 4ºB, 5ºA, 5ºB e 6ºA. Serán beneficiarios deste reforzo educativo un total de 262 alumnos/as.

As familias do alumnado seleccionado foron informadas deste medida.

A atención e coordinación coas familias realizarase en colaboración coas persoas titoras dos grupos e baixo as directrices da xefatura de estudos.

Empregaranse metodoloxías activas, participativas, cooperativas, apoios na aula e a adopción doutras medidas organizativas.

A avaliación do alumnado será realizada polos docentes que imparten ensinanzas ao alumnado, oídas as valoracións da docente asignada ao programa.

A docente asignada ao programa considérase membro do claustro e, polo tanto, debe participar nel tendo en conta os seus dereitos e as súas obrigas como docente.

Ao finalizar o curso redactará unha memoria para a súa inclusión na memoria do centro, especificando os aspectos máis relevantes do desenvolvemento do programa, xunto cunha valoración dos seus resultados.

Ademais, deberá asinar toda a documentación vinculada ao financiamento por parte do Ministerio de Educación e Formación Profesional e pola Unión Europea no marco do Mecanismo de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Outras medidas e programas:

- Asistencia ao centro dun asesor da ONCE
- Plan Director
- Hora de ler
- Persoal auxiliar coidador
- Elementos de mellora da accesibilidade
- Recunchos da calma
- Seminario de atención á diversidade no PFPP

Determinación dos criterios para a organización e distribución dos recursos e a aplicación das medidas propostas

Partindo da prevención e a detección temperá como principio da atención á diversidade, priorízase a atención ao alumnado escolarizado en educación infantil.

O elevado número de alumnado do centro con necesidade específica de apoio educativo condiciona a organización da súa atención por parte das mestras especialistas en pedagogía terapéutica, e audición e linguaxe.

Establécense como criterios:

- a posibilidade de atender conxuntamente nas aulas específicas a alumnado do mesmo nivel educativo e/ou con necesidades semellantes
- procurar a atención máis individualizada posible en grupos reducidos (máximo 5 alumnos/as)
- as sesións contarán cunha distribución semanal equilibrada, sen exceder a terceira parte dos períodos lectivos semanais, e que en ningún caso suporá a totalidade do horario lectivo semanal dunha determinada área ou materia.
- Continuarase a formación específica sobre a atención á diversidade por parte do profesorado. Confórmase un seminario que permita unha mellora da atención ao alumnado TEA.

5. Determinación dos criterios para a organización e distribución dos recursos e a aplicación das medidas propostas

Partindo da prevención e a detección temperá como principio da atención á diversidade, priorízase a atención ao alumnado escolarizado en educación infantil.

O elevado número de alumnado do centro con necesidade específica de apoio educativo condiciona a organización da súa atención por parte das mestras especialistas en pedagogía terapéutica, e audición e linguaxe.

Establécense como criterios:

- a posibilidade de atender conxuntamente nas aulas específicas a alumnado do mesmo nivel educativo e/ou con necesidades semellantes
- procurar a atención máis individualizada posible en grupos reducidos (máximo 5 alumnos/as)
- as sesións contarán cunha distribución semanal equilibrada, sen exceder a terceira parte dos períodos lectivos semanais, e que en ningún caso suporá a totalidade do horario lectivo semanal dunha determinada área ou materia
- Atención por parte das mestras de PT e AL:

Realizarán un seguimento e intervención específica do alumnado atendido o curso 2022/2023 e das necesidades detectadas durante o presente curso escolar.

- PROA + (media xornada): apoiará dentro da aula ao alumnado de 3ºA, 3ºC, 4ºB, 5ºA, 5ºB e 6ºA.

 - Apoios do profesorado con dispoñibilidade horaria (educación primaria):
 - procurarase que os apoios se realicen entre o profesorado do mesmo nivel.
 - realizaranse os apoios do grupo de adquisición de linguas.
6. Concreción das actuacións dos distintos profesionais en relación coas medidas deseñadas para o centro.

As mestras de audición e linguaxe, e pedagogía terapéutica:

- colaborarán coa xefatura do departamento de orientación na proposta de organización da docencia de apoio.
- prestarán atención docente directa ao alumnado en coordinación co profesorado titor
- elaborarán os **programas de intervención** do alumnado que atenden, así como un informe individual ao finalizar o curso escolar
- colaborarán na elaboración das adaptacións curriculares, así como no seu seguimento e avaliación
- asistirán ás sesión de avaliación
- formarán parte da Comisión de Coordinación Pedagóxica
- elaborarán unha memoria ao finalizar o curso, que formará parte da memoria do departamento de orientación
- participarán no deseño e posta en práctica de diferentes medidas que favorezan a atención á diversidade de cara á inclusión de todo o alumnado.

Persoal auxiliar coidador atenderá o alumnado:

- nas entradas e saídas do centro docente e nos traslados polos espazos do centro
- nos hábitos de hixiene, aseo e alimentación
- nos recreos, xogos e tempos de lecer
- nos cambios de actividade e nas demais necesidades análogas, potenciando nel a súa autonomía e inclusión
- contribuirá ao coidado do alumnado durante todo o período lectivo, mesmo dentro da aula cando resulte necesario, nas actividades complementarias e extraescolares
- realizará os cambios e o control postural que ese alumnado necesite

Dentro do horario do persoal auxiliar coidador disporase dun período de pausa: 10:00-10:30 h.

Alumnado atendido a demanda das súas necesidades nos grupos: 6º EI - A e B, 1ºA, 2ºC, 3ºB e 3ºC.

7. Mecanismos de coordinación e colaboración internos, así como con outras etapas educativas e cos centros adscritos ou de adscrición.

A coordinación dentro do propio centro realizarase en diferentes reunións:

- reunións do departamento de orientación
- asistindo como membros da CCP
- claustros
- outras reunións:
 - PROA +, titoras, PT, AL e xefa do departamento de orientación.
 - persoal auxiliar coidador, xefa de estudos, director e xefa do departamento de orientación.
 - equipo docente dun grupo e xefa do departamento de orientación.

- outras que poidan xurdir.

A coordinación co IES Punta Candieira realizarase en reunións trimestrais.

8. Canles de colaboración coas nais, pais ou titores legais do alumnado e cos diferentes servizos externos ao centro.

A colaboración coas familias ou titores legais é unha parte fundamental do éxito educativo. Realizarase por distintos medios, atendendo a cada situación e contexto particular, podendo ser a través de

- titorías
- correo electrónico
- contacto telefónico

Manterase comunicación cos diferentes servizos externos que atendan ao alumnado, sempre previa autorización por parte da familia ou titores legais.

Asimesmo, colaborarase co Equipo de Orientación Específico, Atención Temperá, e SERGAS e con diferentes asociacións, fundacións, gabinetes e outro tipo de entidades que permitan a mellora da atención educativa ao noso alumnado, como ONCE, ASPANEPS, ASPANAES, INGADA, ÁUREGA...

9. Protocolos para a solicitude e/ou autorización das medidas extraordinarias

Durante o presente curso escolar actualizaranse os protocolos e serán incluídos no Plan xeral de atención á diversidade.

10. Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan

O seguimento da concreción anual do Plan xeral de atención á diversidade será realizado trimestralmente polo departamento de orientación do centro docente.

Os informes de seguimento daranse a coñecer ao claustro do profesorado e entregaranse á dirección do centro docente para a súa incorporación ao seguimento que se realice da

programación xeral anual.

A avaliación da concreción anual do Plan xeral de atención á diversidade será realizada ao finalizar curso escolar polo departamento de orientación. O informe desa avaliación darase a coñecer ao claustro de profesorado e entregárase á dirección para a súa incorporación á memoria anual do centro.

Só se modificará o Plan xeral de atención á diversidade no caso de que as propostas de mellora, recollidas na memoria anual do dito plan, así o consideren.

- PROA+

O Programa para a orientación, avance e enriquecemento educativo en centros 2021-2023 está cofinanciado polo Ministerio de Educación e Formación Profesional e pola Unión Europea no marco do Mecanismo de recuperación, transformación e resiliencia.

Inclúese no marco do Plan Recupera da consellería, na convocatoria de Contratos-programa Recupér-T, poñendo a disposición dos centros medidas de reforzo docente.

O obxectivo do programa é o éxito escolar de todo o alumnado, facendo especial fincapé naquel en situación de vulnerabilidade educativa, procurando a mellora no rendemento académico.

Durante o presente curso contarase cunha mestra con perfil de PT a media xornada. O reforzo educativo realizarase dentro das aulas ordinarias nos niveis de 3º, 4º, 5º e 6º. Serán beneficiarios deste reforzo educativo un total de 22 alumnos/as.

As familias do alumnado seleccionado foron informadas deste medida.

A atención e coordinación coas familias realizarase en colaboración coa persoa titora do grupo e baixo as directrices da xefatura de estudos.

Empregaranse metodoloxías activas, participativas, cooperativas, apoios na aula e a adopción doutras medidas organizativas.

A avaliación do alumnado será realizada polos docentes que imparten ensinanzas ao alumnado, oídas as valoracións da docente asignada ao programa.

A docente asignada ao programa considérase membro do claustro e, polo tanto, debe participar nel tendo en conta os seus dereitos e as súas obrigas como docente.

Ao finalizar o curso redactará unha memoria para a súa inclusión na memoria do centro, especificando os aspectos máis relevantes do desenvolvemento do programa, xunto cunha valoración dos seus resultados.

Ademais, deberá asinar toda a documentación vinculada ao financiamento por parte do Ministerio de Educación e Formación Profesional e pola Unión Europea no marco do Mecanismo de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Outras medidas e programas:

- Asistencia ao centro dun asesor da ONCE
- Plan Director
- Hora de ler
- Persoal auxiliar coidador
- Elementos de mellora da accesibilidade
- Recunchos da calma
- Seminario de atención á diversidade no PFPP

Determinación dos criterios para a organización e distribución dos recursos e a aplicación das medidas propostas.

Partindo da prevención e a detección temperá como principio da atención á diversidade, priorízase a atención ao alumnado escolarizado en educación infantil.

O elevado número de alumnado do centro con necesidade específica de apoio educativo condiciona a organización da súa atención por parte das mestras especialistas en pedagogía terapéutica, e audición e linguaxe.

Establécense como criterios:

- a posibilidade de atender conxuntamente nas aulas específicas a alumnado do mesmo nivel educativo e/ou con necesidades semellantes
- procurar a atención máis individualizada posible en grupos reducidos (máximo 5 alumnos/as)
- as sesións contarán cunha distribución semanal equilibrada, sen exceder a terceira parte dos períodos lectivos semanais, e que en ningún caso suporá a totalidade do horario lectivo semanal dunha determinada área ou materia

Concreción das actuacións dos distintos profesionais en relación coas medidas deseñadas para o centro

As mestras de audición e linguaxe, e pedagogía terapéutica:

- colaborarán coa xefatura do departamento de orientación na proposta de organización da docencia de apoio.
- prestarán atención docente directa ao alumnado en coordinación co profesorado titor
- elaborarán os **programas de intervención** do alumnado que atenden, así como un informe individual ao finalizar o curso escolar
- colaborarán na elaboración das adaptacións curriculares, así como no seu seguimento e avaliación
- asistirán ás sesións de avaliación
- formarán parte da Comisión de Coordinación Pedagóxica
- elaborarán unha memoria ao finalizar o curso, que formará parte da memoria do departamento de orientación
- participarán no deseño e posta en práctica de diferentes medidas que favorezan a atención á diversidade de cara á inclusión de todo o alumnado.

Horarios

PT	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
8.55-9.50 h	1ºB	1ºB EP	1ºB EP	3ºA-C EP	1º B -3ºB EP
9.50-10.40 h	6ºA-B EI	4º B EP	4ºB EP	4ºB EP	6ºA-B EI
10.40-11.30 h	3ºA-B EP	3ºA-C EP	3ºB EP	1ºB- 3ºB EP	3ºC- 4ºB EP
11.30-12.00 h			recreo		
12.00-12.20 h			Hora de ler		
12.20-13.05 h	3ºA-C EP	5ºA-B EI	6ºA EI	3ºC-4ºB EP	3ºA-B EP
13.05-13.55 h	6ºA EI	5ºB EP	5ºA-B EI	5ºB EP	6ºA EI
PT	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
8.55-9.50 h	4ºA EI	4ºA EI	IES	4ºA EI	4ºA EI
9.50-10.40 h	2ºA EP	6ºA-C EP	IES	6ºA-C EP	2ºA-B-C EP
10.40-11.30 h	6ºA EP	6ºA EP	IES	6ºA-C EP	2ºA EP
11.30-12.00 h			recreo		
12.00-12.20 h			Hora de ler		
12.20-13.05 h	2ºA-B-C EP	1ºA EP	IES	1ºA EP	1ºA EP
13.05-13.55 h	2ºC EP	1ºA EP	IES	2ºC EP	4ºA EI

AL	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
8.55-9.50 h	5ºA-B EI	6º A EI	3ºB-C EP 4ºA-B EI	4ºA-B EI	6ºA EI
9.50-10.40 h	4ºA EI	6ºA-B EI	6ºA-B EI	5ºA-B EI	4ºA EI
10.40-11.30 h	SECRETARÍA	SECRETARÍA	SECRETARÍA	SECRETARÍA	SECRETARÍA
11.30-12.00 h			recreo		
12.00-12.20 h			Hora de ler		
12.20-13.05 h	1ºA EP	3ºB-C EP 4ºB EI	1ºA EP	4ºB EI	1ºB EP
13.05-13.55 h	3ºA EP 5ºA EP 5º A	3º A EP 5ºA EP 5ºA	1ºB EP	SECRETARÍA	1ºA EP

A mestra de PROA +:

- prestará atención docente directa ao alumnado dentro das aulas ordinarias, en coordinación co profesorado titor

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
8.55-9.50 h	5ºB	6ºA	3ºC		
9.50-10.40 h	3ºC	3ºA	3ºA		
10.40-11.30 h	4ºB	5ºA	4ºB		
12.20-13.05 h	6ºA	3ºC	5ºB		
13.05-13.55 h	5ºA	3ºA	4ºB		

Apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria:

- actuará como un apoio xeral ao conxunto da aula.
- colaborará no desenvolvemento de medidas de reforzo educativo (no contexto escolar ordinario e elaboradas polo profesorado que imparta a área).

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
--	------	--------	----------	-------	--------

8.55-9.50 h	3°C GAL	GAL	GAL	GAL 6°B	6°C GAL
9.50-10.40 h	GAL	1°B 4°B	GAL	6°C	1°A 2°C
10.40-11.30 h	3°A 6°A	4°A	2°C 6°B	6°C	3°C GAL
11.30-12.00 h			recreo		
12.00-12.20 h			Hora de ler		
12.20-13.05 h	3°B	3°B 5°B	4°A 6°C	5°A	3°A 4°B
13.05-13.55 h	2°A	GAL	2°B		6°C

* GAL: Grupo de adquisición de linguas.

Persoal auxiliar coidador.

<u>Yolanda</u> entrada	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
8.55-9.50 h	6°EI B	6°EI B	6°EI B	6°EI B	6°EI B
9.50-10.40 h	6°EI B	6°EI B	6°EI B	6°EI B	6°EI B
10.00-10.30	PAUSA 6°EI B	PAUSA 6°EI B	PAUSA 6°EI B	PAUSA 6°EI B	PAUSA 3°B
CAMBIO DE PAÑAL	5°EI A	5°EI A	5°EI A	5°EI A	5°EI A
10.40-11.30 h	6°EI B	3°B	6°EI B	6°EI B	6°EI B
MERENDA	4°A/ 6°EI B	4°A/ 6°EI B	4°A/ 6°EI B	4°A/ 6°EI B	4°A/ 6°EI B
11.30-12.00 h			Recreo – educación infantil/primaria		
12.00-12.20 h			Hora de ler - 1°A		
12.20-13.05 h	1°A	1°A	1°A	1°A	1°A
13.05-13.55 h comedor	6° EI B/ 1°A	6° EI B/ 1°A	6° EI B/ 1°A 4°A/ 6°EI B	6° EI B/ 1°A	6° EI B/ 1°A

<u>Cristina</u>	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
entrada			6ºEI A		
8.55-9.50 h	6º EI A	6º EI A	6º EI A	6ºEI A	6ºEI A
9.50-10.40 h	6º EI A	6º EI A	6º EI A	6º EI A	6º EI A
10.00-10.30 h	PAUSA 6º EI A	PAUSA 6º EI A	PAUSA 1ª	PAUSA 6º EI A	PAUSA 6º EI A
CAMBIO PAÑAL	5ºEI B/ 6ºEI A	5ºEI B/ 6ºEI A	5ºEI B/ 6ºEI A	5ºEI B/ 6ºEI A	5ºEI B/ 6ºEI A
10.40-11.30 h	6ºEI A	6ºEI A	6ºEI A	6ºEI A	6ºEI A
merenda			6ºEI A		
11.30-12.00 h			Recreo – educación INFANTIL		
12.00-12.20 h			Hora de ler – 6ºEI A		
12.20-13.05 h	6ºEI A	6ºEI A	6ºEI A	6ºEI A	4º A
13.05-13.55 h	1º A	6ºEI A	4ºA	6ºEI A	6ºEI A
comedor			6ºEI A		

<u>Juan</u>	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
entrada e transporte			4ºEI A		
8.55-9.50 h	4º EI A	4º EI A	4º EI A	4ºEI A	4ºEI A
9.50-10.40 h	4º EI A	4º EI A	4º EI A	4º EI A	4º EI A
10.00-10.30 h	PAUSA 4º EI A	PAUSA 4º EI A	PAUSA 4º EI A	PAUSA 4º EI A	PAUSA 4º EI A
CAMBIO PAÑAL	4º EI A	4º EI A	4º EI A	4º EI A	4º EI A
10.40-11.30 h	4ºEI A	4ºEI A	4ºEI A	4ºEI A	4ºEI A
merenda			4ºEI A		
11.30-12.00 h			Recreo – educación INFANTIL		
12.00-12.20 h			Hora de ler – 4ºEI A		
12.20-13.05 h	4ºEI A	4ºEI A	4ºEI A	4ºEI A	4ºEI A
13.05-13.55 h	4º EI A	4º EI A	4º EI A	4º EI A	4º EI A
comedor	4º EI A	1ª/3ºB	4º EI A	4º EI A	4º EI A

20. PLAN DE IGUALDADE

1- Introducción:

Educación é proporcionar unha formación integral que lles permita a nenos e nenas, mozos e mozas unha formación plena e que axude a configurar a súa identidade, así como construír unha concepción da realidade que integre á súa vez o coñecemento e a súa valoración ética e moral. Coeducación implica educar sen diferenciar as mensaxes en función do sexo. A coeducación é un estilo educativo, un proceso de transformación social que apunta a unha convivencia entre os sexos afastada da opresión mutua e tendente a unha relación de xustiza e respecto e en interese dunha formación integral e unha efectiva igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. A educación debe levarse a cabo dende unha perspectiva integral e de xénero, que contribúa a previr todo tipo de situacións de violencia, e en particular a de xénero.

A escola constitúe unha plataforma excelente para a superación dos prexuízos sexistas e para acadar un cambio en profundidade das estruturas e das prácticas sociais non desexables, posto que non cabe dúbida de que todo o que ocorre nos colexios é un reflexo do que ocorre na sociedade, nun principio como espello e despois como reflexión de volta cara á sociedade de novo.

Se somos capaces de transmitirle ao alumnado dos nosos centros educativos valores baseados na paz e na igualdade, a sociedade do futuro será pacífica e igualitaria.

É preciso polo tanto prestar atención ao proceso de convivencia nos centros educativos para conseguir que se valoren de maneira igualitaria as capacidades, os intereses e as achegas das nenas e dos nenos e favorecer deste xeito as relacións de igualdade e de respecto, o que repercutirá non só nunha mellor convivencia escolar senón tamén nunha sociedade máis igualitaria.

Para a elaboración deste Plan tiveronse en conta catro principios inspiradores que sustentan todos e cada un dos eixes de actuación:

- ✓ Transversalidade: a igualdade de xénero como un principio transversal e sempre presente na actividade educativa.
- ✓ Sociedade igualitaria: a construción dunha sociedade na que homes e mulleres sexan iguais empregando a educación como medio para combater todas as formas de discriminación.
- ✓ Obxectivo “violencia 0 nas aulas e na sociedade”: é imprescindible a sensibilización e a concienciación na comunidade educativa do problema da violencia de xénero na nosa sociedade e a loita pola súa total desaparición.
- ✓ Inclusión e integración da diversidade. A educación para a aceptación da diversidade sexual e a integración plena de todas as persoas na comunidade educativa e na sociedade sen que inflúa a súa opción afectiva ou sexual.

2- Contextualización:

A relación entre homes e mulleres, nos diferentes estamentos do noso centro:

Claustro: 32 mulleres e 3 homes.

Consello escolar: 10 mulleres e

1 homes

No NOFC contémplanse os *criterios de agrupamento* do alumnado que se puxeron en marcha no curso 2018/19 co fin de conseguir:

- Equidade nos grupos.
- Igualdade entre ambos sexos.

Alumnado:

- 4º Ed. Infantil A: 10 nenos e 7 nenas
- 4º Ed. Infantil B: 11 nenos e 7 nenas.
- 5º Ed. Infantil A: 10 nenos e 5 nenas.
- 5º Ed. Infantil B: 9 nenos e 6 nenas.
- 6º Ed. Infantil A: 14 nenos e 6 nenas.
- 6º Ed. Infantil B: 12 nenos e 7 nenas.
- 1ºA: 9 nenos e 7 nenas
- 1ºB: 9 nenos e 7 nenas
- 2ºA: 10 nenos e 10 nenas

- 2ºB: 8 nenos e 12 nenas.
- 2ºC: 9 nenos e 10 nenas.
- 3ºA: 8 nenos e 10 nenas.
- 3ºB: 8 nenos e 8 nenas.
- 3ºC: 7 nenos e 10 nenas.
- 4ºA: 11 nenos e 13 nenas
- 4ºB: 12 nenos e 12 nenas.
- 5ºA: 10 nenos e 11 nenas
- 5ºB: 7 nenos e 14 nenas
- 6ºA: 7 nenos e 10 nenas.
- 6ºB: 9 nenos e 7 nenas.
- 6ºC: 9 nenos e 8 nenas.

3 - Normativa do centro.

A Constitución española de 1978 recoñeceu no artigo 14 a igualdade ante a lei por razón de sexo, pero, máis alá dese recoñecemento formal, estableceuse no artigo 9.2 que é unha obriga dos poderes públicos promover as condicións para que esa igualdade sexa real e efectiva.

A igualdade entre home e mulleres constitúe un dos principios de actuación das institucións comunitarias que deben ter presente en todas as súas accións. Isto figura recollido no artigo 8 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea.

Lei 07/2007 do 16 de xullo (DOG 03-08-04): Lei galega para a igualdade de mulleres e homes.

a. Elaborar gráficas do número de mulleres e homes que forman parte de cada sector da comunidade educativa.

4 - Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGTBfobia.

A situación de partida do centro é bastante positiva, xa que non se observan condutas que dificulten a igualdade de xénero, levándose a cabo unha convivencia pacífica maioritariamente. Son habituais as actividades conxuntas entre todo o alumnado do centro, sen distinción de xénero.

No caso de que se rexistren condutas contrarias á convivencia, cubrimos os pertinentes partes de incidencias, actuando segundo ao establecido no plan de convivencia do centro.

5 -Obxectivos xerais:

- Integrar o principio de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres na nosa

práctica docente a través da nosa práctica docente.

- Educar na igualdade, afastándonos de estereotipos, prexuízos e discriminacións por razóns de sexo ou orientación sexual.
- Fomentar a reflexión sobre o papel da muller e do home nun entorno igualitario.
- Garantir a igualdade de oportunidades no ámbito escolar.
- Fomentar a representación equilibrada de nenos e nenas nas aulas.
- Velar para que o noso centro, transmita unha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes.
- Fomentar a corresponsabilidade.
- Actuar en situacións de acoso e violencia de xénero.

6 - MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN:

Medidas organizativas:

- Representación equitativa de homes e mulleres nas comisións do consello escolar e claustro.
- Difusión do plan entre os diferentes membros da comunidade educativa.
- Emprego dunha linguaxe inclusiva e igualitaria nas actividades do centro.
- Colaboración con outras entidades para a realización de actividades coeducativas.
- Actividades conmemorativas por datas específicas.
- Participación no programa educativo IGUALATE.

Medidas para a transmisión dos valores e saberes.

- Revisión das programacións e materiais didácticos dende unha perspectiva de xénero.
- Realización de actividades de sensibilización, tanto nas aulas como coas familias.
- Realización de murais nas paredes relacionados coa igualdade.

Xestión de recursos e espazos.

- Difusión da información a través da páxina web.
- Promoción de lecturas coeducativas a través da biblioteca.
- Xestión das actividades e da ocupación do patio para favorecer a inclusión.
- Promover a prevención ante a discriminación, por razón de sexo, orientación sexual e

identidade de xénero.

Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia.

- Promover o respecto entre homes e mulleres.
- Promover o respecto cara á diversidade sexual de xénero.
- Promover actividades e cooperativas na comunidade educativa.

7 - SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.

Para a valoración da correcta aplicación do Plan, propoñemos os seguintes indicadores, que serán avaliados na memoria final de curso. En función dos resultados acadados, estableceremos as correspondentes propostas de mellora.

Indicadores:

- Realización de actividades en colaboración con outras entidades.
- Realización de actividades por datas conmemorativas, referentes ao tema.
- Realización de lecturas coeducativas.
- Ocupación do patio sen discriminación por sexo.

ANEXO I

PLAN ANUAL DE LECTURA 2023/2024 BIBLIOTECA ESCOLAR “CARLOS LABRAÑA” CEIP NICOLÁS DEL RÍO

1.OBXECTIVOS PLAN ANUAL

O Plan Anual de Lectura é un documento a curto prazo, no que concretamos obxectivos e accións para o desenvolvemento do Proxecto Lector de Centro.

- Fomentar estratexias para mellorar a comprensión lectora do alumnado, estimular os hábitos de lectura e escritura e fomentar o gusto pola mesma.
- Integrar as TIC nos procesos de lectura, escritura e busca de información co fin de fomentar competencia mediática e informacional.
- Buscar estratexias para acadar unha maior e máis efectiva colaboración coas familias e o entorno no ámbito da lectura e escritura.
- Converter a biblioteca en centro de formación e recursos, lugar de innovación educativa e espazo de creación usando as diferentes linguaxes: oral, escrita, de programación, artística...
- Continuar coa catalogación dos fondos co fin de mellorar a organización e o préstamo facéndoos máis accesibles e favorecendo a súa localización.

2.ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS PARA A LECTURA

A Biblioteca conta con tres salas contiguas, un patio (non cuberto) convertido en xardín interior, unha ludoteca no pasillo e un gran espazo que se aloxa na entrada do edificio do Areal onde se aloxa a zona de robótica e Polos Creativos dotada con fondos acordes aos recursos que alberga. É un espazo de biblioteca creativa, orientada á ciencia e á robótica, con zonas para manualidades e incluso preto da sala de teatro. Pode usala calquera persoa da comunidade educativa e no horario de lecer, estará organizada por voluntariado que pertence a clubs montados polo alumnado (teatro, inventos, reciclaxe, baile...) e que estarán supervisados por mestras do equipo de biblioteca.

Todos os espazos da biblioteca invitan a ler, contando con textos informativos e de ficción. Para as lecturas grupais nas aulas, os fondos están organizados en estantes específicas no edificio do Nicolás (ata 4º de educación primaria) e do Areal (5º e 6º de educación primaria), contando con máis de 150 títulos diferentes.

Dentro dos espazos das aulas todas teñen un adicado á biblioteca escolar con libros actualizados e atractivos de diferente tipoloxía, tamén con libros que o alumnado trae da casa.

Temos un tempo común no horario chamado hora de ler, de 20 minutos despois do recreo, no que faremos:

- Lectura por parte do/a mestre ou dun alumno/a dun conto ao grupo
- Lectura conxunta dun mesmo libro.
- Lectura libre.
- Radio e teatro.
- Outras actividades relacionadas coa lectura.

3.LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS EN RELACIÓN CO PAPEL DA BIBLIOTECA ESCOLAR NO CENTRO

A) EN RELACIÓN COA ORGANIZACIÓN E XESTIÓN; A CONFIGURACIÓN DA

BIBLIOTECA COMO LABORATORIO CREATIVO DE APRENDIZAXES.

A organización e xestión da biblioteca escolar é responsabilidade do equipo de dinamización de biblioteca. Iniciamos a convocatoria de alumnado voluntario de 3º a 6º, dado o bos resultados dos últimos cursos.

A equipa de biblioteca conserva a maioría do seu equipo, sen cambio na coordinación. A nosa biblioteca Lía funciona con espazo de cociña, “Radio na biblio”, estudo de croma, cóntase cunha aula de teatro no centro, unha aula sensorial e os recursos de Polos Creativos, xuntos permiten afondar nunha aprendizaxe máis activa, creativa, inclusiva, lúdica e próxima ao alumnado.

A biblioteca está aberta, e todos os seus recursos a disposición de todos os grupos durante a totalidade da xornada escolar. O seu uso xestiónase a través dun sistema de reserva por parte do persoal docente. Son 4 salas, unha delas exterior, a maiores un estudo de croma, un espazo de radio escolar e un corredor ludoteca. A biblioteca estará dispoñible en horario extraescolar.

Continuarase coa adquisición e catalogación de fondos bibliográficos -impresos ou dixitais- tecnolóxicos, seleccionados en base a criterios de calidade, de pertinencia, de significación e de inclusión. Tamén apostamos polas creacións propias, tanto do alumnado como das familias, que tamén recibe catalogación. A variedade de elementos dispoñibles xa na nosa biblioteca apostan pola inclusión, xa que intentan atender á diversidade, e a fomentar a creatividade do noso alumnado. A nosa intención é seguir investindo en todos aqueles elementos que incidan na formación dos nosos nenos/as, facilitándolles a maior variedade de recursos que nos vaian demandando.

Seguiremos contando có PFPP establecendo a biblioteca como eixo principal para a realización dos seminarios para este curso.

Elaborarase un calendario de actividades de todo o curso, dispoñible para todo o profesorado. Continuaremos traballando en colaboración coa biblioteca escolar do IES Punta Candieira, a Biblioteca Municipal López Cortón e o Concello de Cedeira. A persoa responsable da biblioteca escolar seguirá formando parte da Comisión de Coordinación Pedagóxica, e informará ao Claustro e ao Consello Escolar sempre que se demande ou se considere necesario. A Comisión de biblioteca reunirse varias veces ao trimestre para apoiar as accións programadas polo equipo de biblioteca.

B) EN RELACIÓN COA DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA, A SÚA INTEGRACIÓN NO TRATAMENTO DO CURRÍCULO E A

SÚA CONTRIBUCIÓN Á ALFABETIZACIÓN MÚLTIPLE E AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS DO ALUMNADO.

O blog da biblioteca, situado no espazo web do centro, seguirá sendo un elemento clave na dinamización e promoción dos recursos e actividades, no que se conta tamén cun enlace directo ao catálogo en rede. Para a comunicación dentro do centro continuaremos empregando as notificacións en papel, os anuncios nos taboleiros da biblioteca e da sala de mestres, e o correo electrónico. O intercambio informativo coas familias realizarase a través de abalar móbil, a publicación de novas no blog, e as redes sociais, neste caso será Facebook e Twitter.

A Biblioteca Escolar é o axente dinamizador de todas as actividades relacionadas co Proxecto, Laboratorios de Aprendizaxe e conmemoracións, Tarefas Integradas e ALFIN e fomento da lectura, da solidariedade, da cultura polo que se organizan e propoñen actividades como: mochilas viaxeiras, empréstitos, proxectos, formación de usuarios, actividades ALFIN, laboratorios de aprendizaxe (actividade STEAM), exposición de fondos e ambientación para as conmemoracións e temáticas traballadas, proposta e organización de encontros con autores/as, ilustradores/as, artistas..., Clubs de lectura... De especial importancia son os obradoiros propostos pola equipa, polo alumnado e as familias. Destaca o Buzón de cartas a Percebiño, onde o alumnado escribe só ou con axuda, cartas á nosa mascota. Este obradoiro mellora a lectoescritura pero tamén oferta información emocional sobre o noso alumnado, do que temos deseñada a fundamentación curricular.

Continuaremos apostando polas alfabetizacións múltiples, aportando diversidade de fondos en diferentes soportes, e seguiremos traballando con Robótica e con outros elementos tecnolóxicos como a impresora 3D, ou mesmo a máquina de coser ou as ferramentas no espazo argalleiro, ambos operativos, pois participamos no programa “Bibliotecas creativas” promovido pola Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, da Consellería de Educación. A Radio Experimental, dentro do programa Radio na Biblio, emite diversos programas realizados polo alumnado e tamén coa participación das familias e outros axentes sociais.

Para proporcionar un escenario atractivo a todo o antedito, cada curso a BE propón un proxecto, este seguiremos dando voz ás persoas, coa Biblioteca Humana, creando un banco de persoas da nosa comunidade que colaboran no deseño de actividade, seguiremos facendo medrar un alumnado crítico, que teña voz e propoña solución, actividade relacionada coa montaxe do CLÍA

(Consello da Infancia e da Adolescencia) por parte do Concello. Darémoslle a importancia pedagóxica que se merece, facendo partícipes ás familias e diferentes axentes sociais. Teremos como referencia os 17 ODS (Obxectivos de Desenvolvemento Sostible) da axenda 2030.

Así mesmo, iniciamos un proxecto intercentros sobre a música da nosa contorna coa participación de expertas e expertos. Será un proxecto interxeneracional coa participación das familias e diferentes axentes sociais.

Sendo o lema das bibliotecas escolares as viñetas, o cómic terá un protagonismo relevante na escrita deste curso.

Ademais das actividades propostas para o alumnado, profesorado e familias tamén se levan a cabo outras actividades imprescindibles para o correcto funcionamento da nosa BE como: catalogación, expurgo, selección e compra de novos fondos, xestión e organización, formación de usuari@s e voluntarios, exposición e difusión de fondos, empréstito interbibliotecario, guías de lectura...

C) EN RELACIÓN COA FORMACIÓN DE USUARIOS E A ADQUISICIÓN DA COMPETENCIA INFORMACIONAL (COMPETENCIA PARA O TRATAMENTO DA INFORMACIÓN INCLUÍDA NA ACTUAL “COMPETENCIA DIXITAL”).

Como vén sendo habitual, todos os grupos visitan a biblioteca durante as primeiras semanas do curso (infantil e primaria) e realizarán actividades relacionadas coa formación de usuarios. Os alumnos/as de quinto e sexto niveis, que teñen a opción de participar como voluntarios, ampliarán esta formación con visitas ás Bibliotecas Pública Municipal “López Cortón”, e á do IES Punta Candieira.

Afondarase en diferentes aspectos do “currículo cedeirés” a través de proxectos, empregando as tecnoloxías da información e a comunicación para desenvolver tarefas e actividades de busca, selección e transmisión da información. Implicaremos ás familias do pobo intentando crear conciencia de comunidade.

D) EN RELACIÓN CO FOMENTO DA LECTURA E CO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR DE CENTRO (EN MATERIA DE LECTURA, ESCRITURA E HABILIDADES NO USO, TRATAMENTO E PRODUCCIÓN DE INFORMACIÓN).

As bolsas que van e veñen en toda a Educación Infantil seguirán funcionando. As mochilas

viaxeiras tamén marchan semanalmente para as súas casas. Colaboraremos nas bolsas saúdaes de E.F. con aportación de fondos de lectura. Seguimos cos Clubs de lectura e as Tertulias dialóxicas.

Polo tempo de Nadal e chegada do verán faranse recomendacións de lectura, que atenderán á competencia lectora e aos diferentes intereses do alumnado.

Continuarase co intercambio de cartas con Percebiño. Incidiremos especialmente nestes aspectos coa fin de potenciar a lectoescritura como fonte de lecer, e deseñaremos actividades para mellorar a competencia lingüística, promovendo apoios para o alumnado (palitos correctores de ortografía, pautas de escritura...).

E) EN RELACIÓN COS AVANCES CARA UNHA BIBLIOTECA INCLUSIVA.

A BE “Carlos Labraña”, no contexto do Plan Lía de Biblioteca Escolares, está sensibilizada coa inclusión, sendo coñecedora das necesidades de todo o alumnado do centro e afrontando os retos, dunha forma decidida, ante a diversidade. O máis importante é cambiar a mirada cara ao noso alumnado. A nosa actitude ten que ser normalizadora, visibilizadora, sensibilizadora, de axuda, apoio, de comunicación adaptada. Este cambio de actitude é o noso reto maior.

Logo, en canto á organización e xestión da biblioteca, así coma os recursos e as actividades propostas atenden ao criterio de inclusión, estando todo a disposición de toda a comunidade educativa, participando en condicións de igualdade e respectando as características individuais. Así temos textos adaptados, en diferentes soportes, xogos e materiais manipulativos e multisensoriais. Tamén nas obras realizadas, sempre tivemos en conta a accesibilidade, con mobiliario axeitado e equipamento adaptado (ramplas, pufs, ordenadores táctiles, mesas diversas, espazos variados que incitan á autonomía...). Pretendemos ofertar actividades significativas e adaptadas para todo o alumnado. Usamos ferramentas facilitadoras para o acceso á información, o acceso tamén é igualitario para calquera actividade (formación de usuarios, empréstito, obradoiros, club lectura...) e facémoslos partícipes no deseño das actividades.

F) OUTRAS ACTUACIÓNS.

Este curso escolar a biblioteca fará unha ampliación no mobiliario para albergar fondos e colaborará na dotación de recursos para a aula sensorial, que se aloxa continua ás salas de biblioteca.

G) CRITERIOS E PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN. INDICADORES E INSTRUMENTOS QUE SE UTILIZARÁN.

Para avaliar as accións levadas á práctica teranse en conta:

- As valoracións e propostas recollidas nos cadernos das mochilas viaxeiras
 - As cartas recibidas por Percebiño, que nos aportan datos do alumnado moi significativos
 - As estatísticas do programa Meiga
 - Os rexistros do uso de ordenadores e tabletas
 - Os rexistros do uso dos espazos da biblioteca por parte dos grupos - clase
 - O cumprimento do calendario de actividades propostas para o curso escolar
 - As reflexións do alumnado voluntario recollidas nas reunións finais
 - As publicacións de novas no blog e nas redes sociais
- * A avaliación do profesorado e das familias

4. SECCIÓNS

BIBLIOTECAS DE AULA E DE PROFESORADO

En Educación Infantil e Primaria todas as aulas contarán coa súa propia biblioteca de aula que será actualizada frecuentemente con fondos da biblioteca ou con libros que as familias aporten.

Na sala de mestres tamén contamos cunha pequena biblioteca básica de uso diario, ampliada con fondos máis específicos na biblioteca propiamente dita.

5. RUTINAS DE LECTURA

EDUCACIÓN INFANTIL

Na etapa de educación infantil realízanse as seguintes actividades para fomentar a lectura nos nenos e nenas de 3 a 6 anos:

- * En tódalas aulas de educación infantil temos un recuncho de biblioteca. Trátase dun espazo

onde os pequenos e pequenas poden gozar dos diferentes álbums ilustrados adaptados sempre as súas idades así como as súas necesidades. Tamén é habitual que neste recuncho atopemos recursos relacionados coa temática do proxecto que se está a levar a cabo en cada unha das aulas.

En Educación Infantil a hora de ler consiste, sobre todo, na narración ou lectura en voz alta de contos infantís. Debido a idade dos nenos a lectura é realizada pola mestra/e. En moitas ocasións levamos a cabo unha conversa final unha vez rematado o conto onde falamos sobre se lles gustou ou non, se lles gustaría facer o mesmo que o personaxe, se se identifican cos personaxes...

Ademais tanto en 5º coma en 6º de infantil poñemos en marcha un préstamo de contos o cal se realiza, durante este curso, da seguinte maneira:

Nestas aulas as profesoras preparan 6 “bolsiñas de contos”, que o alumnado leva para casa facendo quendas ao longo de todo o curso. Estas bolsiñas conteñen un conto e algún material relacionado con este para xogar: un disfrace, un xoguete, material para realizar unha actividade artística... Lévese en cada aula un rexistro das bolsiñas que levou cada neno/a para que todos/as poidan facer uso delas.

Ao longo do curso tamén facemos uso da biblioteca de centro para realizar diversas actividades:

- Aprender ou recordar normas da biblioteca
- Lecturas de contos ou visionado individual de libros de imaxes
- Funcionamento da biblioteca (como están colocados os libros, como identificar os contos de educación infantil...)
- Empréstamo de libros para a biblioteca da aula...
- Apadriñamento lector por parte do alumnado de 6º de primaria que empregan a biblioteca de centro como espazo para levar a cabo os seus contacontos...

EDUCACIÓN PRIMARIA

1º PRIMARIA

Tódolos días adicaremos 20 minutos á lectura mínimo na hora de ler, xusto despois do recreo. Neste primeiro curso o obxectivo principal será estimular o gozo pola lectura nos alumnos.

Dispoñemos dunha biblioteca de aula, creada con fondos da biblioteca, que poderán ler na clase. Todos os días durante o recreo poden visitar a biblioteca “Carlos Labraña” para préstamo e devolución de libros e goce das actividades.

A diario, adícanse 20 minutos á lectura mínimo na hora de ler, xusto despois do recreo. Esta lectura, implica variedade de textos e darlle ao libro o valor de xogo, divertimento para captar a atención e desenvolver a creatividade na rapazada.

O proxecto será un gran aliado no proceso de documentación e contraste de información.

EDUCACIÓN PRIMARIA

2º PRIMARIA

O obxectivo principal será estimular o gozo pola lectura nos alumnos. Visitaremos a biblioteca varias veces á semana. Tamén realizamos empréstitos de libros de lectura que o alumnado poderá levar a casa co fin de desenvolver as súas aptitudes lectoras.

Tamén se fixan como obxectivos a mellora da eficacia lectora, velocidade, entoación, ritmo, comprensión, etc. O tempo mínimo de lectura que se dedicará na aula será de vinte minutos diarios, na hora de ler.

Neste tempo, planificado despois do recreo sempre que sexa posible, realizarase lectura na aula ou na biblioteca, preparada ou non previamente polos alumnos/as, individual ou grupal, lectura por parte de algún alumno maior, lectura por parte da mestra ou dalgún outro mestre... Diversificarase o tipo de textos.

O alumnado recibirá formación de usuarios na Biblioteca Carlos Labraña. Participaremos nas actividades que se propoñan dende a biblioteca para celebrar o día da Biblioteca, Samaín, as Letras Galegas, o Día do Libro...

- Darase a coñecer as funcións da biblioteca escolar e incentivarase o uso da biblioteca pública.
- Tentarase introducir as distintas funcións de información e lectura que poden ter os documentos.
- Seleccionaranse contos, narracións e libros de consulta sobre un tema concreto e comparar as informacións, poñendo en común a información.

- Indicarase a importancia de respectar e coidar os materiais e recursos.

Un dos grupos coas súas familias participan nas Tertulias dialóxicas das Comunidades de Aprendizaxe.

O proxecto será un gran aliado no proceso de documentación e contraste de información.

EDUCACIÓN PRIMARIA

3º PRIMARIA

Aquí, o alumnado xa adquire o dominio da técnica da lectura e a comprensión lectora adquire un papel relevante.

Neste ciclo é cando se aprende a ler con soltura e da importancia que lle deamos á lectura vai depender o afianzamento que teña no alumnado.

É importante a presentación da lectura como medio de divertimento, unha actividade esencial será o teatro.

Tódalas aulas de 3º adican case unha sesión completa á lectura diaria, repartida en dous ou tres tempos, coincidindo un deles coa hora de ler.

Ademais estamos iniciando unha biblioteca de aula, na que os nenos/as realizarán actividades diversas relacionadas coa lectura. O alumnado levará practicamente todos os días unha pequena lectura para a casa.

O alumnado de 3º asiste de forma regular á biblioteca, contando cunha formación inicial a cargo da coordinadora da biblioteca. Nestas sesións traballan na PDI, coas tablets, cos libros informativos...

EDUCACIÓN PRIMARIA

4º PRIMARIA

Realizamos actividades relacionadas coa implementación do PLAMBE. O alumnado realizará actividades relacionadas coa biblioteca e coa programación realizada polo equipo da mesma ao

longo dos diferentes trimestres.

Obxectivos:

- Despertar nos nenos/as o pracer pola lectura.
- Capacitar ao alumnado na adquisición das competencias básicas e obxectivos.
- Formar lectores/sas competentes. Consolidar o hábito lector.
- Potenciar a lectura comprensiva.
- Fomentar actitudes favorables á lectura. Coñecer diferentes tipos de textos.
- Favorecer o emprego da biblioteca escolar e de aula.

Metodoloxía e actividades:

Visita guiada a biblioteca escolar. Facer un diario de lectura individual. Fichas de lectura adaptadas a idade. Préstamos de biblioteca. Fichas específicas de comprensión lectora. Participar en actividades específicas (contacontos, obras de teatro...) e saídas orientadas a fomentar a lectura e o acercamento dos nenos/as a diferentes tipos de textos, estilos, temas..... Lectura conxunta na clase de libros adaptados ao seu nivel lector. Realización de xogos destinados a animación da lectura: O conto dos contos., A caixa máxica, Encarnación dun personaxe, A lectura equivocada, xogar co libro antes de lelo. Creación de poemas, contos, narracións curtas sobre personaxes variados. Potenciar en coordinación con outros profesores a realización de contacontos con alumnos maiores na biblioteca escolar. Realizar campañas de animación a lectura con carteis.

Se queremos desenrolar nos alumnos o amor pola lectura é importante que os esforzos realizados na aula, teñan continuidade na casa, polo tanto, é necesario contar coa colaboración das familias para potenciar o gusto pola lectura, o goce de escoitar relatos interesantes... de xeito que os nenos e nenas a realicen con agrado e esta se converta nunha actividade permanente nos seus fogares.

Algunhas das actividades a realizar:

Lectura: Lectura do libro de texto. Outros textos escritos: curtos e de tipoloxía diferente (informativo, descritivo, contos, poemas...). Textos en soporte dixital (Internet e aplicacións

informáticas, lectura en pantalla). Textos orais complementados e acompañados de imaxes ou audios. Lectura: Las brujas de Roald Dahl, fichas de actividades do libro e representación teatral a nivel del aula de momentos do libro.

Lectura de poemas en galego e elaboración en grupos de coplas.

Expresión: Exposición oral e escrita en traballos individuais, actividades en grupo, en razoamentos ou intervencións: planificación, redacción e revisión. Expresión oral e escrita das aprendizaxes, utilizando un vocabulario preciso. Expresión escrita en soporte papel e en pantalla.

5º EDUCACIÓN PRIMARIA

A lectura é un factor esencial do enriquecemento intelectual e constitúe unha actividade clave na educación por ser un dos principais instrumentos de aprendizaxe, o seu dominio abre as portas a novos coñecementos. Unha deficiente aprendizaxe lectora e unha mala comprensión do lido abocan aos alumnos ao fracaso escolar e persoal. Por iso, a comprensión lectora, ademais de ser un instrumento de aprendizaxe, é un requisito indispensable para que o alumno sinta gusto pola lectura.

A lectura estará presente en todas as áreas da Educación Primaria. Os propósitos da lectura son moi diversos e están sempre ao servizo das necesidades e intereses do lector. Lese para obter información, para aprender, para comunicarse, para divertirse, para vivir outras realidades. Todas estas finalidades da lectura deberán terse en conta á hora de

traballar no aula, e deberán desenvolverse estratexias que faciliten ao alumno a súa consecución.

Actividades previstas:

- Momento lector no que faremos lectura individual ou colectiva en voz alta, tanto por parte dos alumnos/as como do profesorado.
- Visitas á biblioteca escolar, tanto para realizar diferentes tipos de lecturas coma información documental para os proxectos e investigacións.
- Lectura tanto individual coma colectiva de textos referidos a tódalas áreas e en tódalas

modalidades.

- Actividades para traballar a comprensión tanto oral coma escrita.
- Elaborar traballos escritos e tamén realizar recitados, etc
- Traballar tódolos tipos de textos e técnicas de expresión axeitados á súa idade: descrición, narración, contos, diálogos, cartas, poesía, elaboración de notas, carteis e noticias...

É fundamental que os docentes logremos transmitir aos alumnos o seu entusiasmo para lograr facer lectores capaces e motivados. É moi importante a elección dos textos cos que se vai a traballar. Estes han de ser motivadores e adecuados ao nivel dos lectores. Traballarase a identificación da estrutura dos diferentes textos, as ideas principais e secundarias, o sentido dos distintos parágrafos e as relacións que entre eles se establecen.

Para rematar, hai que destacar a importancia da lectura en voz alta na comprensión lectora, xa que, a través dela, estímúlase a recreación de sentimentos e de sensacións, ao mesmo tempo que serve como vehículo de ideas. A automatización dunha boa entoación, unha correcta pronuncia e unha adecuada velocidade lectora son imprescindibles para que o lector poida consolidar a comprensión lectora.

Os obxectivos de que se pretende lograr son os seguintes:

- Espertar e aumentar o interese do alumnado pola lectura.
- Potenciar a comprensión lectora desde todas as áreas do currículo.
- Formar lectores capaces de desenvolverse con éxito no ámbito escolar.
- Lograr que a maioría do alumnado descubra a lectura como un elemento de goce persoal.
- Fomentar no alumnado, a través da lectura, unha actitude reflexiva e crítica ante as manifestacións da contorna.
- Usar a biblioteca para a procura de información e aprendizaxe, e como fonte de pracer.

Contaremos con 20 minutos de hora de ler no horario, entre ás 12 e as 12:20h. E un total de 16 alumnas e alumnos participan no Club de Lecturas. Todo o alumnado recibe pautas para o estudo: para a realización de resumos, esquemas, suliñados...

Cada vez que os alumnos vaian realizar unha lectura deberemos integrar as estratexias (antes,

durante e despois) , clarificando a intención da lectura así como a forma de enfrontala (en voz alta, en silencio, colectiva...)

Isto afecta tanto á lectura dun libro, dun tema ou aos enunciados das diferentes actividades dos libros de texto.

Será fundamental nas primeiras sesións que o profesor modele o proceso, guiando os pasos a seguir, procurando paulatinamente que este vaia sendo asumido polo alumnado.

-Todos os días adicaremos mínimo 20 minutos á lectura: Compartida a través de lecturas diarias dos libros de texto. Audicións de lecturas e preguntas de comprensión dos mesmas, lecturas compartidas dramatizadas ou contadas, lectura por parellas, lecturas comentadas ao termino de cada paragrafo ou ao final e se comenta, lecturas guiada facendo preguntas,... traballarémolo a través de textos de uso real: receitas, instrucións, notas, enquisas, noticias, guión teatral,

-Lectura independente individual silenciosa para o alumnado que remate as tarefas, para isto traerán un libro da súa casa que irán cambiando conforme o rematen, e elaborarán a ficha deles, farán vídeos de recomendacións contando de que tratan,...

Tamén para lectura en voz alta conxunta de toda a clase . Entre outros libros das coleccións con que conta a biblioteca.

-Taller de escritura creativa un día a semana .

-Todas aquelas actividades que vaian xurdindo ao longo do curso: diferentes conmemoracións como o Día da Muller, do traballo, o Día das Letras Galegas...

-Ademais tódolos días teremos a hora de ler na que se realizarán diversas actividades propostas polos diferentes equipos de dinamización como poderán ser biblioteca ou normalización para a realización de tarefas de radio, audios, teatro...

- Este curso levarán a mochila viaxeira durante unha semana para ler e xogar en familia. Tamén se continuará coa preparación de contos para o alumnado de 4 anos, iniciada co mesmo alumnado en 3 anos.

EDUCACIÓN PRIMARIA

AREA DE LINGUA INGLESA

O proxecto lector do centro debe ser apoiado dende todas e cada unha das materias impartidas na educación primaria, xa que a lectura constitúe un dos principais recursos para acceder ao coñecemento. Pero as linguas en xeral, e a língua estranxeira en particular, deben contribuír dun xeito especial, xa que a través das linguas estranxeiras ábrese un novo horizonte de coñecemento. Así, nesta materia introduciremos lecturas nas que os alumnos/as aprendan ou consoliden novos contidos, sempre dun xeito moi sinxelo e tocando temas do seu interese e intentaremos inculcarlles un gusto pola lectura a través de textos de diferente índole como contos, cancións populares, nursery rhymes, etc.

Ademais dos recursos da biblioteca do centro, contamos con pequenas bibliotecas de aula nas que os nenos/as poden acceder a un material atractivo que lles permita desenvolver un interese e gusto pola lectura nunha lingua diferente á súa. Poden atopar lecturas adaptadas á súa idade e con bonitas ilustracións que servirán de soporte visual, contribuíndo a unha mellor comprensión dos textos. Fomentaremos o uso do material da biblioteca dentro e fóra da aula.

No Centro temos implantadas as seccións bilingües en plástica nos niveis de 5º e 6º dende hai xa anos, permitindo que os alumnos/as utilicen a lingua estranxeira en diferentes contextos, non só na materia de lingua inglesa. Isto deriva en que por unha banda lles proporcionará unha maior exposición á lingua, cun coñecemento dun vocabulario máis específico e, sobre todo, engade un plus de motivación, xa que a materia de plástica normalmente lles permite crear e expresar, e o feito de impartila nunha lingua estranxeira failles sentir que os seus coñecementos lingüísticos teñen aplicacións na vida real. Nas seccións bilingües de plástica abordaremos lecturas diversas, dende textos expositivos sobre vocabulario específico ou diferentes técnicas artísticas ata tutoriais para elaborar distintos proxectos artísticos.

As actividades serán deseñadas para a adquisición dunha boa comprensión lectora na área, que permita formar lectores competentes. Fomentar o gusto pola lectura non só como fonte de coñecemento, senón tamén como unha maneira de ter diferentes vivencias e un xeito de estimular a imaxinación do alumnado será tamén primordial.

Dependendo do tipo de actividade proposta, farán lecturas orais, silenciosas, individuais, colectivas, superficiais, selectivas, comprensivas, reflexivas e críticas ou recreativas. Sen embargo, consideramos que é importante que o alumnado sexa consciente da importancia da

lectura en todos os ámbitos da vida, que saiba identificar a finalidade de cada tipo de texto, e que non o asocie a lectura cunha esixencia escolar. É fundamental para iso que se fomente a lectura por pracer, que lles permita establecer unhas rutinas de lectura que os axudará a medrar como persoas.

As selección dos textos farase en función de:

- Grao de maduración do proceso lector.
- Elección de temas atractivos e interesantes para os alumnos. Necesidades concretas acordes ao desenrolo de proxectos traballados nun momento determinado. En educación infantil intentarase reforzar os proxectos realizados nas aulas e tamén teremos en conta que o tema anual do centro é o coidado do medio ambiente.
- Aumento progresivo da dificultade dos textos ao longo do curso.
- Textos variados en canto a contidos, formatos e xéneros literarios.
- Elección do tipo de letra adecuada aos distintos niveis.
- Ilustracións atractivas e motivadoras.

6. RECURSOS HUMANOS QUE INTERVEÑEN NAS ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

Dende o departamento de orientación abordárase a lectura desde diferentes perspectivas: a propia aprendizaxe da lectura e a abordaxe das dificultades, a lectura como vehículo de aprendizaxe e a lectura como ocio.

As mestras de PT e AL empregarán diferentes formatos atendendo ás características do alumnado.

A implantación do Programa de Estimulación da Linguaxe Oral (PELO) na educación infantil verase facilitada polo emprego de textos escritos e relatos orais que favorezan o mellor desenvolvemento comunicativo do alumnado.

Colaborarase nas diferentes iniciativas propostas desde o equipo de biblioteca escolar do centro.

Os recursos humanos son inmensamente diversos: mestres ou mestras, un familiar, o alumnado, o equipo de biblioteca, contacontos, teatro... Calquera pode contar unha historia nun momento

dado ou lerlle a outra persoa.

Na hora de ler participa todo o profesorado. Os clubs de lecturas os levan tres mestras do equipo de biblioteca.

A biblioteca escolar participa no programa da Asesoría de bibliotecas "Lectura e familias", onde se crea un banco de persoas diverso: familias e diferentes axentes sociais da comunidade educativa, que entre outras actividades, realizan contacontos e se converten en libros vivos.

Todo o alumnado que o desexa, dende 3º a 6º, participa no "Club de Lecturas", en algunhas ocasións con participación de adultos (Tertulias dialóxicas).

7.ITINERARIOS LECTORES

Os Equipo de Biblioteca, Dinamización Lingüística e o Departamento de Educación Física, coa implicación directa de profesorado, alumnado e familias realizamos múltiples actividades: Hora de Ler, Mochilas Viaxeiras, bolsiñas "Conto vai, conto ven", mochilas saudables..., clubs de lectura, tertulias dialóxicas, faladoiros, obradoiros de escritura, como Cartas a Percebiño... Todo o citado fomenta o hábito lector e mellora da competencia lectora e a expresión escrita e oral.

As lecturas proceden dos fondos da BE, lecturas con calidade contrastada. Por suposto, o profesorado solicita compra de fondos adaptados aos seus proxectos. Tamén o fai o alumnado, a través do Buzón de suxestións.

Nós exercemos como orientadores, falando, recomendando. O profesorado pode acudir á biblioteca co seu grupo reservando, con anterioridade, a sala ou salas que necesite. Tanto para ler, como para realizar empréstito ou utilizar calquera recursos dos que dispoñemos. Tamén poden coller coleccións para a aula completa ou solicitar ao equipo de biblioteca que solicite o empréstito con outra biblioteca: Libros a oito...

Dende a biblioteca iniciamos este curso unha proposta mínima de itinerario lector, polo que avanzará todo o alumnado na súa estancia na escola.

1º E.P.	Dominicus o dragón de Antón Cortizas
2º	Bolboretas no papel de Antonio García Teijeiro

E.P.	
3º E.P.	Plan rescate de Antía Yáñez
4º E.P.	Vampira de biblioteca de Leticia Costas
5ºE.P.	No corazón do bosque de Fernández Paz
6º E.P.	Megatoxos e o aprendiz de druída de Anxo Fariña

8.ACTIVIDADES PROGRAMADAS E TEMPORIZADAS

A) ACTIVIDADES

Realizaranse actividades de fomento da lectura xa consolidadas a nivel de centro:

- empréstito organizado polos mestres nas súas horas lectivas.
- bolsas de préstamo individualizadas para o alumnado de educación infantil
- empréstito libre no tempo de recreo
- encontros con autores
- obradoiros de escritura, teatro, radio, robótica,
- contacontos na Biblioteca Pública Municipal
- contacontos sobre libros traballados en aula por parte da editorial.
- teatro
- recomendacións lectoras

Así como a celebración de datas sinaladas:

Día das Bibliotecas

Día da Democracia

Día das escritoras

Día do Libro Infantil

Día do Libro

Día de Rosalía

Día da Paz

Día da non violencia de xénero

Muller na Ciencia

Semana da prensa

Día do Teatro

Día da Poesía

Día das Letras Galegas

Difusión de actividades sobre o autor homenaxeado: Luisa Villalta

Elaboraranse programas de radio e participaranse no Concurso de Podcast-Radio na biblio.

Día dos Museos

Día do Medio Ambiente

B)PROXECTOS DOCUMENTAIS INTEGRADOS

Ao inicio do curso todo o alumnado, dende o de 3 anos ata 6º de Primaria, realiza formación de usuarios na biblioteca escolar, a través de diversas actividades co obxectivo de coñecer as normas de convivencia e uso da biblioteca e adquirir a competencia no uso da CDU.

O paso por diversos proxectos documentais integrados deixou pegada no centro, é algo que se respira e que aínda que rematase o proxecto, non as actitudes que con el pretendíamos crear. Polo tanto, somos ecolóxicos, recollemos lixo pola vila, apagamos luces se as vemos acesas,

reciclamos... Coidamos das emocións, falamos, reflexionamos, escoitamos e xuntos buscamos solucións, somos ou procuramos ser empáticos. E estamos orgullosos de onde somos, do que temos, de onde vimos e da nosa vila, por iso "Cedeira é unha vila", roteiros de Cedeira... son proxectos, que se amplían, cambian, móvense por outros lugares da vila, están vivos e son o mellor recurso do que dispoñemos, o noso currículo cedeirés. Este currículo pasa polas músicas da nosa vila e chega ata a cociña, da que dispoñemos na nosa biblioteca e na que se realizan receitas típicas.

C) RECURSOS E MATERIAS

O Plambe e o Lía dotounos de moito do que temos: fondos diversos, mobiliario, ordenadores táctiles, pantallas interactivas, mesas de luz, xogos manipulativos, robots, Legos, ipads...

O alumnado realiza obradoiros, recibe formación ou ten o primeiro contacto co material coa supervisión dun mestre, para aprender a usar este material dende ben pequeno, pois é de máxima importancia que aprendan a coidalo, para poder desfrutalo máis persoas e ser conscientes de que ten un custo.

9. LER EN FAMILIA.

ACTIVIDADES PARA A IMPLICACIÓN DAS FAMILIAS

Para a implicación das familias plantexamos a seguintes actividades:

- Bolsas viaxeiras para Educación Infantil
- Mochilas viaxeiras
- Lectura e familias: Biblioteca Humana (banco de persoas)
- Actividade coas linguas de todo o alumnado a realizar por familias.
- Blog da biblioteca
- Canal youtube, facebook, Twitter e web do centro (alumnado autorizado).
- Colaboracións coas familias para actividades como contacontos, expoñendo experiencias relacionadas con proxectos...

- Proxecto de Centro ou Intercentros
- Podcast radiofónicos
- Participación na comisión de biblioteca.
- Participación nas bibliotecas de aula.
- Grupos interactivos e Tertulias dialóxicas (Comunidades de Aprendizaxe).

10.SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Para avaliar as accións levadas a practica teranse en conta:

- As valoracións e propostas recollidas nos cadernos das mochilas viaxeiras.
- As cartas recibidas por Percebiño. Aportan datos moi diversos relacionados con suxestións de adquisición de fondos ou propostas de mellora, mais tamén permiten observar a calidade dos escritos ou conflitos emocionais que poida vivir o alumnado.
- As estatísticas do programa Meiga (número de fondos, prestamos realizados, lectores con maior número de prestamos, etc).
- Os rexistros do uso de ordenadores e tabletas.
- Os rexistros do uso dos espazos da biblioteca por parte dos grupos-clase.
- O cumprimento do calendario de actividades que se propoñan para o curso escolar.
- O formulario de avaliación para usuarios da biblioteca. Permitira valorar o grao de satisfacción e a posibilidade de aportar propostas de mellora.
- As publicacións de novas no blog e nas redes sociais. Poderase observar o grao de aceptación por parte da comunidade educativa a través do número de visionado e os comentarios.
- O correo electrónico.
- Os foros creados na aula virtual para alumnado e familias.

A DIRECTORA

CARLOTA PICOS LÓPEZ

Cedeira a 20 de outubro do 2023